

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

20725 *Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

ÍNDICE

Título I. Medidas horizontais.

Capítulo I. Procedemento administrativo.

Artigo 1. Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2. Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3. Modificación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Capítulo II. Consumidores e usuarios dos servizos.

Artigo 4. Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Capítulo III. Servizos profesionais.

Artigo 5. Modificación da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

Artigo 6. Modificación da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

Capítulo IV. Actuacións relativas ás empresas no ámbito laboral e de seguridade social.

Artigo 7. Modificación do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais.

Artigo 8. Modificación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Artigo 9. Modificación da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social.

Artigo 10. Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Título II. Servizos industriais e da construción.

Capítulo I. Servizos industriais.

Artigo 11. Modificación da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.

Artigo 12. Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.

Artigo 13. Modificación da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Artigo 14. Modificación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.

Capítulo II. Servizos da construción.

Artigo 15. Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

Artigo 16. Modificación da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

Título III. Servizos enerxéticos.

Artigo 17. Modificación da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

Artigo 18. Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Artigo 19. Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Título IV. Servizos de transporte e comunicacións.

Capítulo I. Servizos de transporte.

Artigo 20. Modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

Artigo 21. Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Artigo 22. Modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Artigo 23. Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Artigo 24. Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Artigo 25. Modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Capítulo II. Servizos de información e comunicacións.

Artigo 26. Modificación da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

Artigo 27. Modificación da Lei 32/2003, xeral de telecomunicacións.

Título V. Servizos ambientais e de agricultura.

Capítulo I. Servizos ambientais.

Artigo 28. Modificación da Lei do 20 de febreiro de 1942 pola que se regula o fomento e conservación da pesca fluvial.

Artigo 29. Modificación da Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza.

Artigo 30. Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Artigo 31. Modificación da Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias.

Artigo 32. Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Artigo 33. Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Artigo 34. Modificación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Artigo 35. Modificación da Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais.

Artigo 36. Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Capítulo II. Servizos de agricultura.

Artigo 37. Modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 38. Modificación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Artigo 39. Modificación da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro de recursos fitoxenéticos.

Título VI. Outras medidas.

Artigo 40. Modificación do texto refundido de taxas fiscais, aprobado polo Decreto 3059/1966, do 1 de decembro.

Artigo 41. Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Artigo 42. Modificación do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, para regularizar, aclarar e harmonizar as disposicións legais vixentes sobre a materia, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Artigo 43. Modificación da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

Artigo 44. Modificación do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

Artigo 45. Modificación da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

Artigo 46. Modificación da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Artigo 47. Modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

Artigo 48. Modificación da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.

Disposición adicional primeira. Organización, celebración e desenvolvemento de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais.

Disposición adicional segunda. Suxeitos inscritos nos rexistros administrativos en materia de enerxía eléctrica e hidrocarburos.

Disposición adicional terceira. Asesoramento técnico en empresas de menos de dez traballadores.

Disposición adicional cuarta. Aplicación dos requisitos previstos para o silencio administrativo desestimatorio regulado en normas preexistentes.

Disposición adicional quinta. Proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental.

Disposición adicional sexta. Distribución de competencias.

Disposición adicional sétima. Servizos funerarios.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio.

Disposición transitoria segunda. Procedementos de autorización de entidades especializadas en materia de prevención de riscos laborais.

Disposición transitoria terceira. Vixencia da exixencia de visado colexial.

Disposición transitoria cuarta. Vixencia das obrigas de colexiación.

Disposición transitoria quinta. Implantación do portelo único e do servizo de atención aos consumidores e usuarios.

Disposición transitoria sexta. Aprobación do sistema de xestión do portelo único.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito comunitario.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira cuarta. Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, incorporou, parcialmente, ao dereito español, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro do 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en adiante a Directiva.

A lei mencionada adopta un enfoque ambicioso ao fomentar unha aplicación xeneralizada dos seus principios con obxecto de impulsar unha mellora global do marco regulatorio do sector servizos, para así obter ganancias de eficiencia, produtividade e emprego nos sectores implicados, ademais dun incremento da variedade e da calidade dos servizos dispoñibles para empresas e cidadáns.

En efecto, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, vén consolidar os principios regulatorios compatibles coas liberdades básicas de establecemento e de libre prestación de servizos e, ao mesmo tempo, permite suprimir as barreiras e reducir as trabas que restrinxen inxustificadamente o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. En particular, a dita lei pon énfase en que os instrumentos de intervención das administracións públicas neste sector deben ser analizados con detalle e ser conformes cos principios de non-discriminación, de xustificación por razóns imperiosas de interese xeral e de proporcionalidade para atender esas razóns. Por outro lado, exige que se simplifiquen os procedementos, evitando dilacións innecesarias e reducindo as cargas administrativas aos prestadores de servizos. Adicionalmente, refórzanse as garantías dos consumidores e usuarios dos servizos, ao obrigar os prestadores de servizos a actuaren con transparencia tanto respecto á información que deben prover como en materia de reclamacións.

Agora ben, como indica o preámbulo da dita lei, para alcanzar o obxectivo de reformar significativamente o marco regulatorio non abonda co establecemento dos principios xerais que deben rexer a regulación actual e futura das actividades de servizos, senón que é necesario proceder a un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio, para adecuala aos principios que a dita lei establece.

Neste contexto, o obxectivo desta lei é dobre. En primeiro lugar, adapta a normativa estatal de rango legal ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en virtude do mandato contido na súa disposición derradeira quinta. En segundo lugar, con obxecto de dinamizar en maior medida o sector servizos e de alcanzar ganancias de competitividade en relación cos nosos socios europeos, estende os principios de boa regulación a sectores non afectados pola Directiva, seguindo un enfoque ambicioso que permitirá contribuír de maneira notable á mellora do ámbito regulatorio do sector servizos e á supresión efectiva de requisitos ou trabas non xustificadas ou desproporcionadas. O ámbito regulatorio resultante dela, máis eficiente, transparente, simplificado e predicible para os axentes económicos, suporá un significativo impulso á actividade económica.

II

A lei consta de 48 artigos agrupados en seis títulos, sete disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

O título I –«Medidas horizontais»– concreta diversas modificacións que afectan de forma xenérica as actividades de servizos. Introdúcese expresamente a figura da comunicación e da declaración responsable e xeneralízase o uso do silencio administrativo positivo. Por outro lado, refórzase a normativa de defensa dos consumidores e usuarios en

materia de reclamacións e adáptanse diversas disposicións sobre aspectos básicos da regulación en materia de servizos profesionais, principalmente no que concirne aos colexios profesionais. Finalmente, adóptanse disposicións relativas ás empresas e á cooperación administrativa no ámbito laboral e de seguridade social.

O título II –«Servizos industriais e da construción»– adecua a lexislación relativa á seguridade e calidade industrial referente aos servizos na área da instalación e mantemento de equipamentos, favorece a redución de cargas administrativas e de trabas desproporcionadas no exercicio da actividade das pequenas e medianas empresas e impulsa a simplificación de trámites.

O título III –«Servizos enerxéticos»– elimina os réximes de autorización para o exercicio das actividades de comercialización no ámbito da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Tamén elimina a obriga de inscrición no rexistro para os comercializadores e consumidores directos en mercado de electricidade e gas natural. Finalmente, elimínanse os requisitos prohibidos pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, de todas as leis do sector enerxético.

O título IV –«Servizos de transporte e comunicacións»– elimina a intervención administrativa en materia de prezos no sector dos transportes, suprime a autorización administrativa específica para a instalación de estacións de transporte e de centros de información e distribución de cargas, así como para o acceso e exercicio das actividades de arrendamento de vehículos, que se declara libre.

O título V –«Servizos ambientais e de agricultura»– concreta a eliminación de oito réximes de autorización, cinco dos cales se substitúen por declaración responsable e un por comunicación, e dous suprimíense sen substituílos por ningún outro instrumento. Adicionalmente, elimínanse requisitos prohibidos de carácter discriminatorio así como limitacións territoriais e inclúese o principio de concorrencia na concesión de autorizacións cando se fai uso do dominio público.

O título VI –«Outras medidas»– especifica as modificacións en diversos sectores dos servizos relacionados co devengo das taxas das combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, a distribución e importación de elaborados do tabaco, as instalacións de subministración de produtos petrolíferos a vehículos en establecementos comerciais, as entidades de xestión da propiedade intelectual e os servizos sanitarios.

A disposición adicional primeira elimina a autorización administrativa previa para a organización, celebración e desenvolvemento de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais sempre que a participación do público nestas actividades sexa gratuíta, de maneira que se flexibilizan os instrumentos de promoción comercial. A disposición adicional segunda refírese aos suxeitos xa inscritos nos rexistros administrativos en materia de enerxía eléctrica e hidrocarburos. A disposición adicional terceira diríxese a potenciar a asunción persoal polo empresario da xestión da actividade preventiva, para o cal prevé un plan de asistencia técnica ao empresario por parte da Administración. A disposición adicional cuarta refírese á vixencia do silencio administrativo desestimatorio regulado en normas con rango de lei ou derivadas da normativa comunitaria preexistentes. A disposición adicional quinta subliña a obriga de levar a cabo, de ser o caso, a avaliación de impacto ambiental con carácter previo á declaración responsable cando esta sexa a forma de control da actividade. A disposición adicional sexta establece que esta lei se axusta á distribución de competencias prevista na Constitución e nos estatutos de autonomía e a disposición adicional sétima refírese á liberdade de elección dos prestadores de servizos funerarios.

A disposición transitoria primeira establece o réxime transitorio aplicable a aqueles prestadores autorizados ou habilitados para o exercicio dunha actividade de servizos con anterioridade á entrada en vigor da lei. A disposición transitoria segunda outorga un mandato ao Ministerio de Traballo e Inmigración para adaptar os procedementos administrativos de autorización de servizos de prevención alleos e entidades auditoras. As disposicións transitorias terceira e cuarta determinan a vixencia da exigencia do visado colexial e as obrigas de colexiación, respectivamente. A disposición transitoria quinta

refírese á implantación do portelo único e do servizo de atención aos consumidores e usuarios. A disposición transitoria sexta fai referencia á aprobación do sistema de xestión do portelo único.

A disposición derogatoria deixa sen vigor cantas disposicións de rango legal ou regulamentario ou estatutos de corporacións profesionais e demais normas internas colexiais se opoñan ao disposto na lei.

A disposición derradeira primeira especifica, para cada título e capítulo, o título competencial polo cal se modifica cada norma. A disposición derradeira segunda establece que mediante esta lei se incorpora parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. A disposición derradeira terceira contén as habilitacións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da lei. A disposición derradeira cuarta suprime o punto 4.º da disposición transitoria terceira e o número 5 da disposición derradeira primeira da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española. Por último, a disposición derradeira quinta especifica que a lei entrará en vigor o día 27 de decembro de 2009.

TÍTULO I

Medidas horizontais

CAPÍTULO I

Procedemento administrativo

Artigo 1. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo número 4 no artigo 70 bis, coa seguinte redacción:

«4. Cando se trate de procedementos e trámites relativos a unha actividade de servizos e ao seu exercicio incluída no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os prestadores poderanos realizar, por medio dun portelo único, por vía electrónica e á distancia, salvo que se trate da inspección do lugar ou do equipamento que se utiliza na prestación do servizo.

Así mesmo, as entidades locais garantirán, dentro do ámbito das súas competencias, que os prestadores de servizos poidan, a través do portelo único, obter a información e formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio, e coñecer as resolucións e resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes. As entidades locais impulsarán a coordinación para a normalización dos formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio.»

Dous. O artigo 84 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 84.

1. As entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos.
- b) Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo. Non obstante, cando se trate do acceso e exercicio de actividades de servizos incluídas

no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, observárase o disposto nela.

c) Sometemento a comunicación previa ou a declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

d) Sometemento a control posterior ao inicio da actividade, para efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora dela.

e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición.

2. A actividade de intervención das entidades locais axustarase, en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue.

3. As licenzas ou autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen os seus titulares de obter as correspondentes licenzas das entidades locais, respectándose en todo caso o disposto nas correspondentes leis sectoriais.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modifícase do seguinte modo:

Un. Engádesse un novo artigo 39 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 39 bis. *Principios de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento dunha actividade.*

1. As administracións públicas que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou exixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, deberán elixir a medida menos restritiva, motivar a súa necesidade para a protección do interese público así como xustificar a súa adecuación para lograr os fins que se perseguen, sen que en ningún caso se produzan diferenzas de trato discriminatorias.

2. As administracións públicas velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal poderán comprobar, verificar, investigar e inspeccionar os feitos, actos, elementos, actividades, estimacións e demais circunstancias que se produzan.»

Dous. O artigo 43 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 43. *Silencio administrativo en procedementos iniciados por solicitude do interesado.*

1. Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no número 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen que fose notificada resolución expresa lexitima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos en que unha norma con rango de lei por razóns imperiosas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario establezan o contrario.

Así mesmo, o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, naqueles cuxa estimación tería como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, así

como nos procedementos de impugnación de actos e disposicións. Non obstante, cando o recurso de alzada se interpuxese contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude polo transcurso do prazo, entenderase estimado aquel se, chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente non dita resolución expresa sobre el.

2. A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento. A desestimación por silencio administrativo ten os únicos efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

3. A obriga de ditar resolución expresa a que se refire o número primeiro do artigo 42 suxeitarase ao seguinte réxime:

a) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só se poderá ditar de ser confirmatoria del.

b) Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo será adoptada pola Administración sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

4. Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Tales actos producen efectos desde o vencemento do prazo máximo en que debe ditarse e notificarse a resolución expresa sen que esta se producise, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido que puiden solicitarse do órgano competente para resolver. Unha vez solicitado o certificado, este deberá ser emitido no prazo máximo de quince días.»

Tres. Engádesse un novo artigo 71 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 71 bis. *Declaración responsable e comunicación previa.*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento suscrito por un interesado no cal manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.

Os requisitos a que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable.

2. Para os efectos desta lei, entenderase por comunicación previa aquel documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos exigibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1.

3. As declaracións responsables e as comunicacións previas producirán os efectos que determine en cada caso a lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as administracións públicas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a comunicación poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao inicio da actividade cando a lexislación correspondente o prevexa expresamente.

4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a

Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procederen.

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

5. As administracións públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación previa, os cales se facilitarán de forma clara e inequívoca e que, en todo caso, se poderán presentar á distancia e por vía electrónica.»

Artigo 3. Modificación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«3. En particular, nos procedementos relativos ao acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio, os cidadáns teñen dereito á realización da tramitación a través dun portelo único, por vía electrónica e á distancia, e á obtención da seguinte información a través de medios electrónicos, que deberá ser clara e inequívoca:

a) Os requisitos aplicables aos prestadores establecidos en territorio español, en especial os relativos aos procedementos e trámites necesarios para acceder ás actividades de servizo e para o seu exercicio.

b) Os datos das autoridades competentes nas materias relacionadas coas actividades de servizos, así como os datos das asociacións e organizacións distintas das autoridades competentes ás cales os prestadores ou destinatarios poidan dirixirse para obter asistencia ou axuda.

c) Os medios e condicións de acceso aos rexistros e bases de datos públicos relativos a prestadores de actividades de servizos.

d) As vías de reclamación e recurso en caso de litixio entre as autoridades competentes e o prestador ou o destinatario, ou entre un prestador e un destinatario, ou entre prestadores.»

Dous. Engádeselle unha nova alínea c) ao número 2 do artigo 40 coa seguinte redacción:

«c) Asegurar a cooperación entre as administracións públicas para lle proporcionar ao cidadán información administrativa clara, actualizada e inequívoca.»

CAPÍTULO II

Consumidores e usuarios dos servizos

Artigo 4. *Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.*

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, modifícase do seguinte modo:

Un. Engádense dous novos números ao artigo 21, coa seguinte redacción:

«3. En todo caso, e con pleno respecto ao disposto nos números precedentes, os prestadores de servizos porán á disposición dos consumidores e usuarios información sobre o enderezo postal, número de teléfono e número de fax ou enderezo de correo electrónico en que o consumidor ou usuario, calquera que sexa o seu lugar de residencia, poida interpor as súas queixas e reclamacións ou solicitar información sobre o servizo ofertado ou contratado. Os prestadores comunicarán o seu enderezo legal se este non coincide co seu enderezo habitual para a correspondencia.

Os prestadores de servizos deberán dar resposta ás reclamacións recibidas no prazo máis breve posible e en todo caso no prazo máximo dun mes desde a presentación da reclamación. No caso de que no dito prazo esta non for resolta satisfactoriamente, os prestadores de servizos adheridos a un sistema extraxudicial de resolución de conflitos facilitaranlle ao usuario o acceso a el cando este reúna os requisitos previstos na Recomendación 98/257/CE da Comisión, do 30 de marzo, relativa aos principios aplicables aos órganos responsables da solución extraxudicial dos litixios en materia de consumo e na Recomendación 2001/310/CE da Comisión, do 4 de abril de 2001, relativa aos principios aplicables aos órganos extraxudiciais de resolución consensual de litixios en materia de consumo ou normativa que resulte de aplicación e, como tales, fosen notificados á rede comunitaria de órganos nacionais da solución extraxudicial de litixios en materia de consumo.

4. Os empresarios a que se refire o número anterior e aqueles que estean adheridos a códigos de conduta, incluídos os elaborados a escala comunitaria, ou sexan membros de asociacións ou organismos profesionais que ofrezan sistemas extraxudiciais de resolución de conflitos que reúnan os requisitos previstos no número anterior, indicarán nas ofertas comerciais que presenten de forma detallada os seus servizos, o sistema extraxudicial de resolución de conflitos que ofrecen aos consumidores e usuarios, o modo de obter información sobre as súas características e a forma de acceder ao dito sistema extraxudicial.»

Dous. Engádense ao artigo 49.1 unha nova letra k), pasando o actual contido desta á letra l):

«k) A negativa a satisfacer as demandas do consumidor ou usuario, calquera que sexa a súa nacionalidade ou lugar de residencia, cando a súa satisfacción estea dentro das dispoñibilidades do empresario, así como calquera forma de discriminación con respecto ás referidas demandas, sen que isto menoscabe a posibilidade de establecer diferenzas nas condicións de acceso directamente xustificadas por criterios obxectivos.»

Tres. Engádense ao artigo 60.2 unha nova letra h), que queda redactada nos seguintes termos:

«h) O enderezo completo en que o consumidor ou usuario pode presentar as súas queixas e reclamacións, así como, de ser o caso, a información sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos prevista no artigo 21.4.»

CAPÍTULO III

Servizos profesionais

Artigo 5. *Modificación da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.*

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Son fins esenciais destas corporacións a ordenación do exercicio das profesións, a representación institucional exclusiva delas cando estean suxeitas a colexiación obrigatoria, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados, todo isto sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional.»

Dous. O número 4 do artigo 2 queda redactado como segue:

«4. Os acordos, decisións e recomendacións dos colexios observarán os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.»

Tres. Introdúcese un novo número 5 no artigo 2, coa seguinte redacción:

«5. En todo caso, os requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva unha profesión ou que limiten o exercicio conxunto de dúas ou máis profesións, serán só os que se establezan por lei.

Os estatutos dos colexios, ou os códigos deontolóxicos que de ser o caso aproben os colexios, poderán recoller previsións expresas dirixidas a exixir aos profesionais colexiados que a súa conduta en materia de comunicacións comerciais sexa axustada ao disposto na lei, coa finalidade de salvagardar a independencia e integridade da profesión, así como, de ser o caso, o segredo profesional.»

Catro. Introdúcese un novo número 6 no artigo 2, coa seguinte redacción:

«6. O exercicio profesional en forma societaria rexeráse polo previsto nas leis. En ningún caso os colexios profesionais nin as súas organizacións colexiais poderán, por si mesmos ou través dos seus estatutos ou do resto da normativa colexial, establecer restricións ao exercicio profesional en forma societaria.»

Cinco. O artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Colexiación.*

1. Quen posúa a titulación requirida e reúna as condicións sinaladas estatutariamente terá dereito a ser admitido no colexio profesional que corresponda.

2. Será requisito indispensable para o exercicio das profesións estar incorporado ao colexio profesional correspondente cando así o estableza unha lei estatal. A cota de inscrición ou colexiación non poderá superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición. Os colexios disporán os medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática, de acordo co previsto no artigo 10 desta lei.

3. Cando unha profesión se organice por colexios territoriais, bastará a incorporación a un só deles, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio español. Para estes efectos, cando nunha profesión só existan colexios profesionais nalgunhas comunidades autónomas, os profesionais

rexeranse pola lexislación do lugar onde teñan establecido o seu domicilio profesional único ou principal, o cal bastará para exercer en todo o territorio español.

Os colexios non lles poderán exixir aos profesionais que exerzan nun territorio diferente ao de colexiación ningunha comunicación nin habilitación nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación dos servizos de que sexan beneficiarios e que non estean cubertos pola cota colexial.

Nos supostos de exercicio profesional en territorio distinto ao de colexiación, para os efectos de exercer as competencias de ordenación e potestade disciplinaria que corresponden ao colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional, en beneficio dos consumidores e usuarios, os colexios deberán utilizar os oportunos mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. As sancións impostas, de ser o caso, polo colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional producirán efectos en todo o territorio español.

4. No caso de desprazamento temporal dun profesional doutro Estado membro da Unión Europea, atenderase ao disposto na normativa vixente en aplicación do dereito comunitario relativa ao recoñecemento de cualificacións.»

Seis. A letra a) do artigo 5 pasa a ter o seguinte contido:

«a) Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados.»

Sete. Suprímese a letra ñ) do artigo 5, que queda sen contido.

Oito. A letra q) do artigo 5 queda redactada como segue:

«q) Visar os traballos profesionais dos colexiados nos termos previstos no artigo 13.»

Novo. A actual letra u) pasa a ser a letra x) e introdúcese unha nova letra, a u), no artigo 5, coa seguinte redacción:

«u) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en particular, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.»

Dez. Engádese un novo artigo 10, coa seguinte redacción:

«Artigo 10. *Portelo único.*

1. As organizacións colexiais disporán dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e á distancia. Concretamente, as organizacións colexiais farán o necesario para que, a través deste portelo único, os profesionais poidan de forma gratuíta:

a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.

b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluíndo a da colexiación.

c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña consideración de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución deles por parte do colexio, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non for posible por outros medios.

d) Convocar os colexiados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e pór no seu coñecemento a actividade pública e privada do colexio profesional.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, as organizacións colexiais ofrecerán a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e gratuíta:

a) O acceso ao rexistro de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no que constarán, cando menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais dos que estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

b) O acceso ao rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

c) As vías de reclamación e os recursos que poderán interporse en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.

d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obter asistencia.

e) O contido dos códigos deontolóxicos.

3. As corporacións colexiais deberán adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporar para iso as tecnoloxías precisas e crear e manter as plataformas tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a accesibilidade das persoas con discapacidade. Para iso, os colexios profesionais e, de ser o caso, os consellos xerais e autonómicos poderán pór en marcha os mecanismos de coordinación e colaboración necesarios, inclusive coas corporacións doutras profesións.

4. Os colexios profesionais de ámbito territorial facilitaranlles aos consellos xerais ou superiores, e de ser o caso aos consellos autonómicos de colexios, a información relativa ás altas, baixas e calquera outra modificación que afecte os rexistros de colexiados e de sociedades profesionais, para o seu coñecemento e anotación nos rexistros centrais de colexiados e de sociedades profesionais daqueles.»

Once. Engádesse un novo artigo 11, coa seguinte redacción:

«Artigo 11. *Memoria anual.*

1. As organizacións colexiais estarán suxeitas ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, cada unha delas deberá elaborar unha memoria anual que conteña, cando menos, a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da xunta de goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso,

de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, caso de dispor deles.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.

g) Información estatística sobre a actividade de visado.

Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

2. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

3. O consello xeral fará pública, xunto coa súa memoria, a información estatística a que fai referencia o número un deste artigo de forma agregada para o conxunto da organización colexial.

4. Para os efectos de cumprir a previsión do número anterior, os consellos autonómicos e os colexios territoriais facilitaranlles aos seus consellos xerais ou superiores a información necesaria para elaborar a memoria anual.»

Doce. Engádesse un novo artigo 12, coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores ou usuarios.*

1. Os colexios profesionais deberán atender as queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados.

2. Así mesmo, os colexios profesionais disporán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios, que necesariamente tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados sexan presentadas por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como por asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

3. Os colexios profesionais, a través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios, resolverán sobre a queixa ou reclamación segundo proceda: ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme dereito.

4. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e á distancia.»

Trece. Engádesse un novo artigo 13, coa seguinte redacción:

«Artigo 13. *Visado.*

1. Os colexios de profesións técnicas visarán os traballos profesionais no seu ámbito de competencia unicamente cando se solicite por petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, ou cando así o estableza o Goberno mediante real decreto, logo de consulta aos colexiados afectados, de acordo cos seguintes criterios:

a) Que sexa necesario por existir unha relación de causalidade directa entre o traballo profesional e a afectación á integridade física e seguridade das persoas.

b) Que se acredite que o visado é o medio de control máis proporcionado. En ningún caso os colexios, por si mesmos ou a través das súas previsións estatutarias, poderán impor a obriga de visar os traballos profesionais.

2. O obxecto do visado é comprobar, cando menos:

- a) A identidade e habilitación profesional do autor do traballo, utilizando para iso os rexistros de colexiados previstos no artigo 10.2.
- b) A corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coa normativa aplicable ao traballo de que se trate.

En todo caso, o visado expresará claramente cal é o seu obxecto, detallando que extremos son sometidos a control, e informará sobre a responsabilidade que, de acordo co previsto no número seguinte, asume o colexio. En ningún caso comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco comprenderá o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional.

3. En caso de danos derivados dun traballo profesional que visase o colexio, no cal resulte responsable o autor del, o colexio responderá subsidiariamente dos danos que teñan a súa orixe en defectos que deberían ter sido postos de manifesto polo colexio ao visar o traballo profesional, e que garden relación directa cos elementos que se visaron nese traballo concreto.

4. Cando o visado colexial sexa preceptivo, o seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios farán públicos os prezos dos visados dos traballos, que poderán tramitarse por vía telemática.»

Catorce. Engádese un novo artigo 14 coa seguinte redacción:

«Artigo 14. *Prohibición de recomendacións sobre honorarios.*

Os colexios profesionais e as súas organizacións colexiais non poderán establecer baremos orientativos nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre honorarios profesionais, salvo o establecido na disposición adicional cuarta.»

Quince. Engádese un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15. *Igualdade de trato e non-discriminación.*

O acceso e exercicio de profesións colexiadas rexerase polo principio de igualdade de trato e non-discriminación, en particular por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, nos termos da sección III do capítulo III do título II da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Dezaseis. Engádese unha nova disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *A organización colexial.*

1. Enténdese por organización colexial o conxunto de corporacións colexiais dunha determinada profesión.
2. Son corporacións colexiais o consello xeral ou superior de colexios, os colexios de ámbito estatal, os consellos autonómicos de colexios e os colexios profesionais.»

Dezasete. Engádese unha nova disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Valoración dos colexios para a taxación de custas.*

Os colexios poderán elaborar criterios orientativos para os exclusivos efectos da taxación de custas e da xura de contas dos avogados.

Tales criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios e dereitos que corresponden para os efectos de taxación de custas en asistencia xurídica gratuíta.»

Dezaioito. Engádese unha nova disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Facultade de control documental das administracións públicas.*

O previsto nesta lei non afecta a capacidade que teñen as administracións públicas, en exercicio da súa autonomía organizativa e no ámbito das súas competencias, para decidiren caso por caso para un mellor cumprimento das súas funcións, estableceren cos colexios profesionais ou outras entidades os convenios ou contrataren os servizos de comprobación documental, técnica ou sobre o cumprimento da normativa aplicable que consideren necesarios relativos aos traballos profesionais.»

Artigo 6. *Modificación da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.*

A Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Sociedades multidisciplinares.*

As sociedades profesionais poderán exercer varias actividades profesionais, sempre que o seu desempeño non fose declarado incompatible por norma de rango legal.»

Dous. Modifícase o artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Composición.*

1. Son socios profesionais:

a) As persoas físicas que reúnan os requisitos exixidos para o exercicio da actividade profesional que constitúe o obxecto social e que a exerzan no seo dela.

b) As sociedades profesionais debidamente inscritas nos respectivos colexios profesionais que, constituídas conforme o disposto nesta lei, participen noutra sociedade profesional.

2. Como mínimo, a maioría do capital e dos dereitos de voto, ou a maioría do patrimonio social e do número de socios nas sociedades non capitalistas, deberán pertencer a socios profesionais.

3. Igualmente, deberán ser socios profesionais, como mínimo, a metade máis un dos membros dos órganos de administración, de ser o caso, das sociedades profesionais. Se o órgano de administración for unipersoal, ou se existiren conselleiros delegados, as ditas funcións deberán ser desempeñadas necesariamente por un socio profesional. En todo caso, as decisións dos órganos de administración colexiados requirirán o voto favorable da maioría de socios profesionais, con independencia do número de membros concorrentes.

4. Non poderán ser socios profesionais as persoas en que conorra causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión ou profesións que constitúan o obxecto social, nin aquelas que se encontren inhabilitadas para o dito exercicio en virtude de resolución xudicial ou corporativa.

5. Estes requisitos deberán cumprirse durante toda a vida da sociedade profesional, e constituirá causa de disolución obrigatoria o seu incumprimento sobrevido, a non ser que a situación se regularice no prazo máximo de seis meses contados desde o momento en que se produciu o incumprimento.

6. Os socios profesionais unicamente poderán outorgar a súa representación a outros socios profesionais para actuar no seo dos órganos sociais.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 9, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nos traballos profesionais que se sometan a visado, este expedirase a favor da sociedade profesional ou do profesional ou profesionais colexiados que se responsabilicen do traballo.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Sociedades profesionais de países comunitarios.*

Serán recoñecidas en España como sociedades profesionais as constituídas como tales de conformidade coa lexislación dun Estado membro da Unión Europea e cuxa sede social, administración central e centro de actividade principal se encuentre no territorio dun Estado membro, sempre que cumprisen os requisitos previstos, de ser o caso, no dito país comunitario para actuar como sociedades profesionais.

A prestación de servizos ou o establecemento en España das sociedades antes referidas axustarase ao previsto na normativa que regula o recoñecemento de cualificacións profesionais e, de ser o caso, na normativa específica sobre establecemento ou exercicio de profesionais comunitarios, sen prexuízo do cumprimento da normativa española aplicable sobre o exercicio da actividade en termos compatibles co dereito comunitario.»

Cinco. Modifícase a disposición derradeira segunda, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o Consello de Ministros para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias.

2. Tamén se autoriza o Consello de Ministros para ditar as disposicións regulamentarias que sexan precisas para adaptar a normativa sobre establecemento ou exercicio de profesionais comunitarios á natureza societaria do prestador dos servizos.»

CAPÍTULO IV

Actuacións relativas ás empresas no ámbito laboral e de seguridade social

Artigo 7. *Modificación do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais.*

Un. Modifícase o número 1 do artigo 6 do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais, que queda redactado como segue:

«1. Queda suprimido o requisito da previa autorización para proceder á apertura dun centro de traballo ou para retomar ou proseguir os traballos despois de efectuar alteracións, ampliacións ou transformacións de importancia, previsto no artigo 187.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2065/1974, do 30 de maio.

En adiante, será suficiente a comunicación da apertura do centro de traballo ou da prosecución dos traballos debidamente documentados e axustados ao ordenamento xurídico, con carácter previo ou dentro dos trinta días seguintes á apertura, á autoridade laboral competente, quen a porá en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social para os efectos previstos no Convenio 81 da OIT do 11 de xullo de 1947.»

Dous. Engádesse un número 3 no artigo 6 do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais, coa seguinte redacción:

«3. Nas obras de construción incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, a comunicación de apertura do centro de traballo deberá ser previa ao comezo dos traballos e será efectuada unicamente polos empresarios que teñan a condición de contratistas conforme a indicada lei. O promotor deberá velar polo cumprimento da obriga imposta ao contratista.»

Artigo 8. *Modificación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número 5 no artigo 5, coa seguinte redacción:

«5. A política en materia de prevención de riscos laborais deberá promover a integración eficaz da prevención de riscos laborais no sistema de xestión da empresa.

Igualmente, a política en materia de seguridade e saúde no traballo terá en conta as necesidades e dificultades específicas das pequenas e medianas empresas. Para tal efecto, no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral en materia de prevención de riscos laborais deberá incorporarse un informe sobre a súa aplicación nas pequenas e medianas empresas que incluírá, de ser o caso, as medidas particulares que para estas se prevexan.»

Dous. Engádesse un novo número 2 bis no artigo 16, coa seguinte redacción:

«2 bis. As empresas, en atención ao número de traballadores e á natureza e perigosidade das actividades realizadas, poderán realizar o plan de prevención de riscos laborais, a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva de forma simplificada, sempre que isto non supoña unha redución do nivel de protección da seguridade e a saúde dos traballadores e nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Tres. O número 5 do artigo 30 queda modificado nos seguintes termos:

«5. Nas empresas de ata dez traballadores, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións sinaladas no número 1, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria, en función dos riscos a que estean expostos os traballadores e a perigosidade das actividades, co alcance que se determine nas disposicións a que se refire o artigo 6.1.e) desta lei.»

Catro. Engádesse un novo número 7 no artigo 30, coa seguinte redacción:

«7. As persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención deberán contar cunha única autorización da autoridade laboral, que terá validez en todo o territorio español. O vencemento do prazo máximo do procedemento de autorización sen que se notificase resolución expresa ao interesado permitirá entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, co obxecto de garantir unha adecuada protección dos traballadores.»

Cinco. O número 3 do artigo 31 queda modificado nos seguintes termos:

«3. Os servizos de prevención deberán estar en condicións de proporcionar á empresa o asesoramento e apoio que precise en función dos tipos de risco nela existentes e no referente:

a) Ao deseño, implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.

b) Á avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e a saúde dos traballadores nos termos previstos no artigo 16 desta lei.

c) Á planificación da actividade preventiva e á determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.

d) Á información e formación dos traballadores, nos termos previstos nos artigos 18 e 19 desta lei.

e) Á prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.

f) Á vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo.

Se a empresa non levar a cabo as actividades preventivas con recursos propios, a asunción das funcións respecto das materias descritas neste número só poderá ser feita por un servizo de prevención alleo. O anterior entenderase sen prexuízo de calquera outra atribución legal ou regulamentaria de competencia a outras entidades ou organismos respecto das materias indicadas.»

Seis. O número 5 do artigo 31 queda modificado nos seguintes termos:

«5. Para poder actuar como servizos de prevención, as entidades especializadas deberán ser obxecto dunha acreditación pola autoridade laboral, que será única e con validez en todo o territorio español, mediante a comprobación de que reúnen os requisitos que se establezan regulamentariamente e logo de aprobación da autoridade sanitaria en canto aos aspectos de carácter sanitario.

Entre estes requisitos, as entidades especializadas deberán subscribir unha póliza de seguro que cubra a súa responsabilidade na contía que se determine regulamentariamente e sen que aquela constitúa o límite da responsabilidade do servizo.»

Sete. Engádesse un novo número 6 ao artigo 31, coa seguinte redacción:

«6. O vencemento do prazo máximo do procedemento de acreditación sen terse notificado resolución expresa ao interesado permitirá entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, co obxecto de garantir unha adecuada protección dos traballadores.»

Oito. A letra a) do número 1 do artigo 39 queda modificada nos seguintes termos:

«a) Participar na elaboración, posta en práctica e avaliación dos plans e programas de prevención de riscos da empresa. Para tal efecto, no seu seo debateranse, antes da súa posta en práctica e no referente á súa incidencia na prevención de riscos, a elección da modalidade organizativa da empresa e, de ser

o caso, a xestión realizada polas entidades especializadas coas que a empresa concertase a realización de actividades preventivas; os proxectos en materia de planificación, organización do traballo e introdución de novas tecnoloxías, organización e desenvolvemento das actividades de protección e prevención a que se refire o artigo 16 desta lei e proxecto e organización da formación en materia preventiva;»

Nove. Engádesse unha disposición adicional décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. *Acreditación da formación.*

As entidades públicas ou privadas que pretendan desenvolver actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais das previstas na disposición transitoria terceira do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, deberán acreditar a súa capacidade mediante unha declaración responsable ante a autoridade laboral competente sobre o cumprimento dos requisitos que se determinen regulamentariamente.»

Artigo 9. *Modificación da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social.*

A Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social, queda modificada do seguinte modo:

Un. Engádesse un novo número 12 bis ao artigo 7, coa seguinte redacción:

«12 bis Nos supostos en que a actuación inspectora afecte empresas establecidas noutros Estados membros da Unión Europea e de que os feitos comprobados poidan ser sancionados polo Estado membro de orixe da empresa, estes feitos poderán ser postos en coñecemento da autoridade competente do outro país para que inicie o procedemento sancionador, sen prexuízo de que poida adoptar outras medidas que considere pertinentes.»

Dous. Engádesse un novo número 4 ao artigo 10, coa seguinte redacción:

«4. A Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá prestar axuda e colaboración ás autoridades da Unión Europea con competencias equivalentes.»

Tres. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Modalidades e documentación da actuación inspectora.*

1. A actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social desenvolverase mediante visita aos centros ou lugares de traballo, sen necesidade de aviso previo; mediante requirimento de comparecencia ante o funcionario actuante de quen resulte obrigado, achegando a documentación que se sinale en cada caso, ou para efectuar as aclaracións pertinentes; en virtude de expediente administrativo cando o contido da súa actuación permita iniciar e finalizar aquela. As visitas de inspección poderán ser realizadas por un ou varios funcionarios e poderanse estender durante o tempo necesario.

1 bis. Igualmente, a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá actuar mediante comprobación de datos ou antecedentes que consten nas administracións públicas. Para tal efecto, poderá valorar os datos ou antecedentes que lle subministren outras administracións públicas da Unión Europea.

2. Cando, iniciada visita de inspección, non for posible a súa prosecución e finalización por non achegar o suxeito a inspección os antecedentes ou documentos solicitados, a actuación proseguirá en virtude de requirimento para a súa achega na forma indicada no número anterior. As actuacións comprobatorias non se dilatarán por espazo de máis de nove meses, salvo que a dilación sexa imputable ao suxeito

a inspección ou sexa debida a dificultades na cooperación administrativa internacional; e, así mesmo, non se poderán interromper por máis de tres meses. As comprobacións efectuadas nunha actuación inspectora terán o carácter de antecedente para as sucesivas.

3. De cada actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, o funcionario actuante redactará dilixencia no libro de visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social que debe existir en cada centro de traballo á disposición desta, con suxeición ao que dispoña a autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Catro. O número 3.2 do artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«3.2 A representación, participación e colaboración administrativa na Unión Europea e nos restantes ámbitos internacionais nos asuntos relacionados coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Artigo 10. Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Modifícase o artigo 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 30. *Achegas de datos de Seguridade Social en soporte informático.*

Para efectos da xestión recadatoria dos recursos do sistema da Seguridade Social, facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para determinar os supostos e condicións en que as empresas deberán presentar en soporte informático os datos relativos ás súas actuacións en materia de encadramento, cotización e recadación no ámbito da Seguridade Social, así como calquera outro exixido na normativa desta.

De igual modo, facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para determinar os supostos e condicións en que as empresas deberán presentar en soporte informático os partes de baixa e alta, correspondentes a procesos de incapacidade temporal, dos traballadores ao seu servizo.»

TÍTULO II

Servizos industriais e da construción

CAPÍTULO I

Servizos industriais

Artigo 11. Modificación da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.

Modifícase a Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, nos seguintes termos:

Un. O artigo sétimo queda redactado do seguinte modo:

«Artigo sétimo.

En defensa da seguridade, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios:

1. Os instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida que sirvan para pesar, medir ou contar e que sexan utilizados en aplicacións de medida por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde pública, protección do ambiente, protección dos consumidores e usuarios, recadación de impostos e taxas,

cálculo de aranceis, canons, sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais, establecemento das garantías básicas para un comercio leal e todas aquelas que poidan determinarse con carácter regulamentario, estarán sometidos ao control metrolóxico do Estado, cando estea establecido, ou se estableza, por regulamentación específica.

2. O control previsto no número anterior comprenderá a fase de avaliación da conformidade, que comproba o cumprimento dos requisitos que deberán satisfacer para efectos da súa comercialización e posta en servizo.

Igualmente comprenderá, de ser o caso, a fase de control metrolóxico de instrumentos en servizo, que pode efectuarse mediante verificación periódica ou despois de reparación ou modificación, que ten por obxecto comprobar e confirmar que un instrumento ou sistema de medida en servizo mantén as características metrolóxicas orixinais.

3. Determinaranse regulamentariamente a modalidade e o alcance do control aplicable en cada caso.

4. De conformidade co previsto nos respectivos estatutos de autonomía, as fases de execución dos controis metrolóxicos a que se refire o número 2 deste artigo, así como a vixilancia e inspección, poderán ser realizados polas comunidades autónomas ou, de ser o caso, polos concellos, conforme as súas competencias específicas e de acordo coas directrices técnicas e de coordinación sinaladas pola Administración xeral do Estado.

5. Recoñéceselles validez e eficacia en todo o territorio español aos actos que efectúen en aplicación desta lei os órganos da Administración xeral do Estado ou, de ser o caso, os das comunidades autónomas.

6. Regulamentariamente establecerase o réxime de marcaxe dos instrumentos sometidos ao control metrolóxico, que deberá incluír información clara e precisa aos consumidores e usuarios sobre o seu estado de verificación.»

Dous. O artigo oitavo queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo oitavo.

1. O Rexistro de Control Metrolóxico será de carácter público e a súa regulación farase mediante norma regulamentaria. Nel deberán ser inscritos os datos relativos ás persoas ou entidades que fabriquen, importen, comercialicen, reparen ou cedan en arrendamento os instrumentos ou sistemas sometidos ao control metrolóxico do Estado e as súas modificacións. De igual modo, tamén serán inscritas no Rexistro de Control Metrolóxico as persoas ou entidades que interveñan nas fases do control metrolóxico establecidas no artigo sétimo.

A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico será realizada de oficio pola Administración a partir da información achegada na primeira operación que realicen, ou no trámite de designación para a súa intervención no control metrolóxico ou na declaración responsable que se establece no seguinte número.

2. Os reparadores de instrumentos sometidos ao control metrolóxico deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ao Rexistro de Control Metrolóxico unha declaración responsable sobre a dispoñibilidade dos medios técnicos e o cumprimento dos requisitos relativos aos procedementos de traballo e cualificación técnica profesional nos termos que se determinen regulamentariamente.

A declaración responsable habilita desde o día da súa presentación para o desenvolvemento da actividade de que se trate en todo o territorio español e cunha duración indefinida. Calquera modificación sobrevida deberá ser comunicada ao Rexistro. O incumprimento do disposto nos parágrafos anteriores, a falsidade orixinaria ou sobrevida na declaración responsable, a utilización de procedementos técnicos contrarios aos regulamentados e a utilización e colocación de precintos distintos dos que se establezan regulamentariamente, estarán incursos no disposto no artigo 13.3 desta lei. Non será necesaria a presentación da declaración

responsable para as entidades reparadoras establecidas noutro Estado membro que presten os seus servizos en réxime de libre prestación en territorio español.»

Tres. Modifícase a alínea c) do número 3 do artigo 13, do seguinte modo:

«c) Incumprir as obrigas relacionadas coa presentación da declaración responsable no Rexistro de Control Metrolóxico.»

Artigo 12. *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

Modifícase o artigo 79 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, que queda redactado como segue:

«Artigo 79.

1. No Rexistro de Patentes inscribíranse, na forma que se dispoña regulamentariamente, tanto as solicitudes de patente como as patentes xa concedidas.

2. Salvo no caso previsto no artigo 13.1, a transmisión, as licenzas e calquera outro acto, tanto voluntario como necesario, que afecte as solicitudes de patentes ou as patentes xa concedidas, só producirán efectos fronte a terceiros de boa fe desde que fosen inscritos no Rexistro de Patentes. Regulamentariamente establecerase a forma e a documentación necesaria para as ditas inscricións.

3. Non se poderán invocar fronte a terceiros dereitos sobre solicitudes de patente ou sobre patentes que non estean debidamente inscritos no Rexistro. Tampouco poderá mencionar nos seus produtos unha solicitude de patente ou unha patente quen non teña inscrito un dereito suficiente para facer esa mención. Os actos realizados en violación do disposto neste número serán sancionados como actos de competencia desleal.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas cualificará a legalidade, validez e eficacia dos actos que deban inscribirse no Rexistro de Patentes. Este Rexistro será público.»

Artigo 13. *Modificación da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.*

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Liberdade de establecemento.*

1. Recoñécese a liberdade de establecemento para a instalación, ampliación e traslado das actividades industriais.

2. Non obstante, requirirase unha comunicación ou unha declaración responsable do interesado, mediante a cal se manifeste, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos exixidos, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade, e se facilite a información necesaria á autoridade competente para o control da actividade:

a) cando así o estableza unha lei por razóns de orde pública, seguridade e saúde pública, seguridade e saúde no traballo ou protección do ambiente.

b) cando se estableza regulamentariamente para o cumprimento de obrigas do Estado derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais.

3. A comunicación ou declaración responsable habilita desde o día da súa presentación para o desenvolvemento da actividade de que se trate en todo o territorio español e cunha duración indefinida.

4. Os requisitos de acceso á actividade e o seu exercicio en materia industrial serán proporcionados, non discriminatorios, transparentes e obxectivos, e estarán clara e directamente vinculados ao interese xeral concreto que os xustifique.

O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente, comportará o cesamento automático da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

5. Unicamente se poderá requirir autorización administrativa previa da Administración competente cando resulte obrigado para o cumprimento de obrigas do Estado derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais.»

Dous. Modifícase o artigo 12, que queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Regulamentos de seguridade.*

1. Os regulamentos de seguridade establecerán:

- a) As instalacións, actividades, equipamentos ou produtos suxeitos a eles.
- b) As condicións técnicas ou requisitos de seguridade que segundo o seu obxecto deben reunir as instalacións, os equipamentos, os procesos, os produtos industriais e a súa utilización, así como os procedementos técnicos de avaliación da súa conformidade coas referidas condicións ou requisitos.
- c) As medidas que os titulares deban adoptar para a prevención, limitación e cobertura dos riscos derivados da actividade das instalacións ou da utilización dos produtos; incluíndo, de ser o caso, estudos de impacto ambiental.
- d) As condicións de equipamento, capacidade técnica e, de ser o caso, o réxime de comunicación ou declaración responsable sobre o cumprimento da ditas condicións exixidas ás persoas ou empresas que interveñan no proxecto, dirección de obra, execución, montaxe, conservación e mantemento de instalacións e produtos industriais.
- e) Cando exista un risco directo e concreto para a saúde ou para a seguridade do destinatario ou dun terceiro, a exixencia de subscribir seguros de responsabilidade civil profesional por parte das persoas ou empresas que interveñan no proxecto, dirección de obra, execución, montaxe, conservación e mantemento de instalacións e produtos industriais. A garantía exixida deberá ser proporcionada á natureza e ao alcance do risco cuberto.

2. As instalacións, equipamentos e produtos industriais deberán estar construídos ou fabricados de acordo co que prevexa a correspondente regulamentación, que poderá establecer a obriga de comprobar o seu funcionamento e estado de conservación ou mantemento mediante inspeccións periódicas.

3. Os regulamentos de seguridade poderán condicionar o funcionamento de determinadas instalacións e a utilización de determinados produtos a que se acredite o cumprimento das normas regulamentarias, nos termos que estas establezan.

4. Os regulamentos de seguridade poderán dispor, como requisito da fabricación dun produto ou da súa comercialización, a homologación previa do seu prototipo, así como as excepcións de carácter temporal a este requisito.

5. Os regulamentos de seguridade industrial de ámbito estatal serán aprobados polo Goberno da Nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencia lexislativa sobre industria poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As comunicacións ou declaracións responsables que se realicen nunha determinada comunidade autónoma serán válidas, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais, para o exercicio da actividade en todo o territorio español.»

Catro. Modifícase o artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Organismos de control.*

1. Os organismos de control son aquelas persoas naturais ou xurídicas que, tendo capacidade de obrar, dispoñan dos medios técnicos, materiais e humanos e imparcialidade necesarios para realizar o seu cometido e cumpran as disposicións técnicas que se diten con carácter estatal co fin do seu recoñecemento no ámbito da Unión Europea.

2. A valoración técnica do cumprimento dos aspectos mencionados no número anterior será realizada por unha entidade acreditadora, coa finalidade de protexer os consumidores e traballadores, sen prexuízo da competencia administrativa para comprobar o cumprimento dos citados requisitos.

3. A autorización dos organismos de control corresponde á Administración competente en materia de industria do territorio onde os organismos inicien a súa actividade ou radiquen as súas instalacións.

4. As autorizacións outorgadas aos organismos de control terán validez para todo o ámbito do Estado e duración indefinida.

5. Os organismos de control estarán obrigados, como requisito previo á efectividade da autorización, a subscribir pólizas de seguro que cubran os riscos da súa responsabilidade na contía que se estableza, sen que esta limite a dita responsabilidade.

6. A inscrición no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV desta lei dos organismos de control será realizada de oficio pola Administración competente a partir dos datos incluídos na autorización.»

Cinco. Modifícase o número 5 do artigo 17, nos seguintes termos:

«5. As entidades de acreditación inscribíranse no Rexistro Integrado Industrial establecido no título IV desta lei. Esta inscrición será realizada de oficio pola Administración competente que as designe.»

Seis. O título IV pasa a denominarse «Rexistro Integrado Industrial».

Sete. Modifícase o artigo 21, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 21. *Rexistro Integrado Industrial. Fins.*

1. Créase o Rexistro Integrado Industrial, de carácter informativo e de ámbito estatal, adscrito ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que terá os seguintes fins:

a) Integrar a información sobre a actividade industrial en todo o territorio español que sexa necesaria para o exercicio das competencias atribuídas en materia de supervisión e control ás administracións públicas en materia industrial, en particular sobre aquelas actividades sometidas a un réxime de comunicación ou de declaración responsable.

b) Constituír o instrumento de información sobre a actividade industrial en todo o territorio español, como un servizo ás administracións públicas, aos cidadáns e, particularmente, ao sector empresarial.

c) Subministrar aos servizos competentes das administracións públicas os datos precisos para a elaboración dos directorios das estatísticas industriais; no caso estatal, aquelas a que se refiren os artigos 26 g) e 33 e) da Lei 12/1989, do 9 maio, da función estatística pública.

2. A creación do Rexistro Integrado Industrial entenderase sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas para establecer rexistros industriais nos seus respectivos territorios.

3. Non obstante o número anterior, as administracións públicas adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para garantir a interoperabilidade dos distintos sistemas.»

Oito. Modifícase o artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Ámbito e contido.*

1. O Rexistro Integrado Industrial comprenderá as actividades e instalacións a que se refire o artigo 3 desta lei, con excepción das comprendidas no seu número 4 i), e nel deberán constar, como mínimo, os seguintes datos:

a) Relativos á empresa: número de identificación, razón social ou denominación, domicilio e actividade principal.

b) Relativos ao establecemento: número de identificación, denominación ou rótulo, datos de localización, actividade económica principal.

2. Así mesmo, o Rexistro conterá os datos análogos aos indicados no número anterior referidos ás entidades de acreditación, organismos de control, laboratorios e outros axentes, en materia de seguridade e calidade industrial.

3. Todos os datos anteriormente expresados, excepto os referidos ás empresas e actividades citadas no artigo 3, número 4, letra d), terán carácter público, de acordo cos procedementos de acceso e difusión que regulamentariamente se determinen.

4. Ademais dos datos básicos referidos no número 1, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determinará regulamentariamente os datos complementarios que deban incorporarse de oficio ao Rexistro, a fin de dar cumprimento ao artigo 21.1.a).»

Nove. Modifícase o artigo 23, nos seguintes termos:

«Artigo 23. *Incorporación e actualización de datos do Rexistro.*

1. O Rexistro Integrado Industrial incluirá os datos a que fai referencia o artigo 22, a partir:

a) Dos datos das autorizacións concedidas en materia industrial.

b) Dos datos achegados nas comunicacións ou nas declaracións responsables realizadas polos interesados.

2. A incorporación e actualización de datos no Rexistro Integrado Industrial realizarase de oficio a partir dos datos achegados polo órgano competente.

3. As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades non suxeitas a autorización, declaración responsable ou comunicación, poderán achegar datos sobre a súa actividade ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa inscrición de oficio no Rexistro Integrado Industrial, unha vez iniciada a actividade.

4. Non será necesaria resposta, confirmación ou inscrición efectiva no Rexistro Integrado Industrial para poder exercer a actividade.»

Dez. Modifícase o artigo 24, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 24. *Traslado de información das comunidades autónomas ao Rexistro Integrado Industrial.*

O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio dos datos a que se refiren os artigos precedentes para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial.»

Once. Modifícase o artigo 27, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 27. *Desenvolvemento regulamentario.*

Reglamentariamente establecerase, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio:

1. A organización administrativa, os procedementos do Rexistro Integrado Industrial, os datos complementarios de carácter público, o sistema de acceso á información contida nel e a forma de comunicar os datos entre as distintas administracións, así como as normas de confidencialidade aplicables en cada caso.

2. A composición e funcionamento da Comisión de Rexistro e Información Industrial.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 31, ao cal se engaden as letras k) e l), coa redacción seguinte:

«k) A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato, ou manifestación, de carácter esencial, sobre o cumprimento dos requisitos exixidos sinalados na declaración responsable ou a comunicación achegada polos interesados.

l) A realización da actividade sen cumprir os requisitos exixidos ou sen ter realizado a comunicación ou a declaración responsable cando algunha delas sexa preceptiva.»

Artigo 14. *Modificación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.*

A Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra e) do artigo 5.1, que queda redactada como segue:

«e) Instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade, de conformidade co disposto na disposición adicional sexta.»

Dous. Engádense unha disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Exclusión das empresas relacionadas con equipamentos técnicos de seguridade.*

Os prestadores de servizos ou as filiais das empresas de seguridade privada que vendan, entreguen, instalen ou manteñan equipamentos técnicos de seguridade, sempre que non inclúan a prestación de servizos de conexión con centrais de alarma, quedan excluídos da lexislación de seguridade privada sempre e cando non se dediquen a ningún dos outros fins definidos no artigo 5, sen prexuízo doutras lexislacións específicas que puideren resultarlles de aplicación.»

CAPÍTULO II

Servizos da construción

Artigo 15. *Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.*

O artigo 14 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *As entidades e os laboratorios de control de calidade da edificación.*

1. Son entidades de control de calidade da edificación aquelas capacitadas para prestar asistencia técnica na verificación da calidade do proxecto, dos materiais e da execución da obra e as súas instalacións de acordo co proxecto e a normativa aplicable. Para o exercicio da súa actividade en todo o territorio español será suficiente coa presentación dunha declaración responsable en que se declare que cumpre cos requisitos técnicos exixidos regulamentariamente ante o organismo competente da comunidade autónoma en que teña o seu domicilio social ou profesional.

2. Son laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación os capacitados para prestar asistencia técnica, mediante a realización de ensaios ou probas de servizo dos materiais, sistemas ou instalacións dunha obra de edificación. Para o exercicio da súa actividade en todo o territorio español será suficiente coa presentación dunha declaración responsable por cada un dos seus establecementos físicos desde os que presta os seus servizos na que se declare que estes cumpren cos requisitos técnicos exixidos regulamentariamente, ante os organismos competentes da comunidade autónoma correspondente.

3. Son obrigas das entidades e dos laboratorios de control de calidade:

a) Prestar asistencia técnica e entregar os resultados da súa actividade ao axente autor do encargo e, en todo caso, ao responsable técnico da recepción e aceptación dos resultados da asistencia, xa sexa o director da execución das obras ou o axente que corresponda nas fases de proxecto, a execución das obras e a vida útil do edificio.

b) Xustificar que teñen implantado un sistema de xestión da calidade que define os procedementos e métodos de ensaio ou inspección que utiliza na súa actividade e que contan con capacidade, persoal, medios e equipamentos adecuados.»

Artigo 16. *Modificación da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.*

Un. A letra b) do número 2 do artigo 4 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, queda modificada da seguinte forma:

«b) Estar inscritas no Rexistro de Empresas Acreditadas a que se refire o artigo 6 desta lei. A inscrición será realizada de oficio pola autoridade laboral competente, sobre a base da declaración do empresario a que se refire o número seguinte.»

Dous. O número 4 do artigo 4 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, queda modificada da seguinte forma:

«4. As empresas cuxa actividade consista en ser contratadas ou subcontratadas habitualmente para a realización de traballos en obras do sector da construción deberán contar, nos termos que se determine regulamentariamente, cun número de traballadores contratados con carácter indefinido que non será inferior ao 10 por cento durante os dezaioito primeiros meses de vixencia desta lei, nin ao 20 por cento durante os meses do décimo noveno ao trixésimo sexto, nin ao 30 por cento a partir do mes trixésimo sétimo, inclusive.

Para estes efectos, nas cooperativas de traballo asociado os socios traballadores serán computados de maneira análoga aos traballadores por conta allea nos termos que se determine regulamentariamente.»

TÍTULO III

Servizos enerxéticos

Artigo 17. *Modificación da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.*

Suprímense os artigos 89, 90, 91 e 93 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, que quedan sen contido.

Artigo 18. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 33, que queda redactado como segue:

«3. O operador do mercado terá acceso directo ao Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica a que se refire o artigo 21.4, así como ao Rexistro Administrativo de Distribuidores a que se refire o artigo 45.4, así como aos rexistros que para eses mesmos fins poidan crearse nas comunidades autónomas, e coordinará as súas actuacións co operador do sistema.»

Dous. Suprímese o número 4 do artigo 36, que queda sen contido.

Tres. Modifícase número 5 do artigo 39, que queda redactado como segue:

«5. Os distribuidores de enerxía eléctrica deberán estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores a que se refire o artigo 45.4 desta lei.»

Catro. Modifícase o artigo 40.1, que quedará redactado como segue:

«1. Estarán suxeitas a autorización administrativa a construción, modificación, explotación e transmisión e peche das instalacións de distribución de enerxía eléctrica, con independencia do seu destino ou uso.

A autorización administrativa de peche dunha instalación poderalle impor ao seu titular a obriga de proceder ao seu desmantelamento.

A Administración competente denegará a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos legalmente ou a empresa non garanta a capacidade técnica necesaria para acometer a actividade proposta, ou cando teña unha incidencia negativa no funcionamento do sistema.»

Cinco. Modifícase o artigo 44, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 44. *Subministración.*

1. A subministración de enerxía eléctrica defínese como a entrega de enerxía a través das redes de transporte e distribución mediante contraprestación económica nas condicións de regularidade e calidade que resulten exixibles.

2. Os consumidores finais de electricidade terán dereito a elixir subministrador e poderán contratar a subministración:

a) Coas correspondentes empresas de comercialización. Neste caso poderán contratar a enerxía e a peaxe de acceso a través do comercializador.

Os consumidores de último recurso definidos no artigo 10.1 terán dereito, ademais, a contratar a subministración con empresas comercializadoras de último recurso ao prezo máximo que se determine.

b) Con outros suxeitos do mercado de produción cuxa actividade non resulte incompatible. Estes consumidores directos en mercado contratarán a enerxía co suxeito e o correspondente contrato de peaxe ás redes directamente co distribuidor a que estean conectadas as súas instalacións.

3. Aquelas sociedades mercantís que queiran actuar como comercializadoras deberán:

a) Comunicar á Administración competente e, en todo caso, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que o comunicará, pola súa vez, á Comisión Nacional de Enerxía, o inicio da súa actividade e o cesamento dela, achegando a comunicación dunha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos a que se refire a letra b). A comunicación deberá especificar o ámbito territorial en que se vaia desenvolver a actividade.

b) Cumprir cos requisitos que se establezan regulamentariamente, entre os cales se incluírá a suficiente capacidade técnica do solicitante. En todo caso, para poder adquirir enerxía eléctrica co fin de subministrar aos seus clientes, as empresas comercializadoras a que se refire este número deberán presentar ao operador do sistema e, de ser o caso, ao operador do mercado e ás empresas distribuidoras, as garantías que regulamentariamente se establezan.

c) Acreditar o cumprimento destes requisitos en caso de que lles sexa requirido pola Administración competente, polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou pola Comisión Nacional de Enerxía.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

4. Regulamentariamente serán establecidas, polas administracións competentes, medidas de protección ao consumidor que deberán recollese nas condicións contractuais para os contratos de subministración dos comercializadores con aqueles consumidores que polas súas características de consumo ou condicións de subministración requiran un tratamento contractual específico.

Así mesmo, regulamentariamente estableceranse os mecanismos de contratación e as condicións de facturación das subministracións, incluíndo os procedementos de cambio de subministrador e de resolución de reclamacións.

Así mesmo, en caso de que un comercializador non cumpra algunhas das obrigas establecidas nas letras a), b) e h) a que fai referencia o artigo 45.1 desta lei, ou non cumpra nos prazos que se establezan outras obrigas de pagamento fronte ao sistema eléctrico, o ministro de Industria, Turismo e Comercio determinará, logo do trámite de audiencia e de forma motivada, obxectiva e transparente, o traspaso dos clientes do dito comercializador a un comercializador de último recurso. Así mesmo, determinará as condicións de subministración dos ditos clientes.

O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivarse de acordo co establecido no título VI desta lei.

5. Sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas e sen prexuízo do establecemento polos prestadores de sistemas propios de tramitación de reclamacións que se axusten ao disposto na Recomendación 98/257/CE, da Comisión, do 30 de marzo do 1998, relativa aos principios aplicables aos órganos responsables da solución extraxudicial dos litixios en materia de consumo, preverase regulamentariamente a posibilidade de acudir ao sistema arbitral de consumo para a resolución de tales reclamacións.

6. Aqueles consumidores directos en mercado que pretendan adquirir enerxía eléctrica no mercado de produción para o seu propio consumo deberán comunicar o inicio e o cesamento da actividade ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o cal, pola súa vez, o comunicará á Comisión Nacional da Enerxía.»

Seis. Modifícanse os números 4 e 5 do artigo 45, que pasan a ter a seguinte redacción:

«4. Créase, no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o Rexistro Administrativo de Distribuidores. Regulamentariamente, logo de informe das

comunidades autónomas, establecerase a súa organización, así como os procedementos de inscrición e comunicación de datos a este rexistro.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestionar os correspondentes rexistros territoriais nos que deberán estar inscritas todas as instalacións situadas no ámbito territorial daquelas.

5. A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista que conterá os comercializadores que, de acordo co artigo 44.3 desta lei, comunicasen á Administración competente e, en todo caso, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o inicio da súa actividade e que non comunicasen o cesamento dela.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 48, que queda redactado como segue:

«1. A subministración de enerxía eléctrica deberá ser realizada polas empresas coas características e continuidade que regulamentariamente se determinen para o territorio español, tendo en conta a diferenciación por zonas a que se refire o número seguinte.

Para iso, as empresas de enerxía eléctrica contarán coa capacidade técnica necesaria para garantir a calidade do servizo exixida polas regulamentacións vixentes.

As empresas eléctricas e, en particular, as distribuidoras promoverán a incorporación de tecnoloxías avanzadas na medición e para o control da calidade da subministración eléctrica».

Oito. Modifícase a redacción do artigo 60 a) 19, que queda como segue:

«19. A realización de actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei ou a construción, ampliación, explotación, modificación, transmisión ou peche de instalacións afectas a elas sen a necesaria concesión, autorización administrativa, declaración responsable, comunicación ou inscrición no rexistro correspondente cando proceda ou o incumprimento do contido, prescricións e condicións delas cando se poña en risco a garantía de subministración ou perigo manifesto ás persoas, os bens ou o ambiente.»

Artigo 19. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, nos seguintes termos:

Un. Derrógase a alínea e) do número 2 do artigo 3, que queda sen contido.

Dous. O artigo 42 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 42. *Operadores por xunto.*

1. Serán operadores por xunto aqueles suxeitos que comercialicen produtos petrolíferos para a súa posterior distribución a retallo.

2. Poderán actuar como operadores por xunto exclusivamente aquelas sociedades mercantís que cumpran as condicións para a realización da actividade que se establezan regulamentariamente, entre as cales se incluírá a suficiente capacidade técnica do solicitante.

En todo caso, as ditas sociedades deberán comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que o comunicará, pola súa vez, á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, o inicio ou cesamento da actividade, acompañando a comunicación dunha declaración responsable sobre o cumprimento das condicións a que se refire o parágrafo anterior.

Os operadores por xunto deberán acreditar o cumprimento destas condicións en caso de que lles sexa requirido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou pola Comisión Nacional de Enerxía.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista dos operadores por xunto de produtos petrolíferos que incluírá aquelas sociedades que comunicasen ao ministerio o exercicio desta actividade.»

Tres. O artigo 45 queda redactado como segue:

«Artigo 45. *Operadores por xunto.*

1. Serán operadores por xunto de GLP aquelas sociedades mercantís que realicen as actividades de almacenamento, mestura e envasado, transporte e comercialización por xunto de GLP.

2. Poderán actuar como operadores por xunto de GLP exclusivamente aquelas sociedades que cumpran as condicións para a realización da actividade que se establezan regulamentariamente, entre as cales se incluírá a suficiente capacidade técnica do solicitante.

En todo caso, as ditas sociedades deberán comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que o comunicará, pola súa vez, á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, o inicio ou cesamento da actividade, acompañando a comunicación dunha declaración responsable sobre o cumprimento das condicións a que se refire o parágrafo anterior.

Os operadores por xunto de GLP deberán acreditar o cumprimento destas condicións en caso de que lles sexa requirido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou pola Comisión Nacional de Enerxía.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista dos operadores por xunto de GLP que incluírá aquelas sociedades que comunicasen ao ministerio o exercicio desta actividade.

3. Os suxeitos que exerzan esta actividade deberán ter á disposición dos comercializadores a retallo de GLP e, de ser o caso, dos seus clientes, un servizo de asistencia técnica permanente das instalacións dos seus usuarios que garanta o correcto funcionamento delas.

4. Os operadores por xunto deberán exixir aos comercializadores a retallo de GLP envasado e aos titulares das instalacións de GLP a granel ou, de ser o caso, aos usuarios aos cales subministren, a documentación acreditativa de que as súas instalacións cumpren as condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente resulten exixibles.

5. As actividades a que se refire este artigo, sen prexuízo do disposto no artigo 6 desta lei, poderán ser realizadas libremente, non sendo necesaria a comunicación ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cando teñan por obxecto os envases con capacidade non superior a 8 quilogramos.»

Catro. O artigo 46 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 46. *Comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo a granel.*

1. Serán comercializadores a retallo de GLP a granel as sociedades mercantís que realicen as actividades de almacenamento, mestura, transporte e comercialización a retallo de GLP a granel.

2. Poderán actuar como comercializadores a retallo de GLP a granel as sociedades que cumpran as condicións para a realización da actividade que se establezan regulamentariamente, entre as cales se incluírá a suficiente capacidade técnica do solicitante.

En todo caso, as ditas sociedades deberán comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que o comunicará, pola súa vez, á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, o inicio ou cesamento da actividade, acompañando a comunicación dunha declaración responsable sobre o cumprimento das condicións a que se refire o parágrafo anterior. Así mesmo, remitirán copia das autorizacións de construción, modificación ou peche das instalacións de distribución de GLP ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Os comercializadores a retallo de GLP a granel deberán acreditar o cumprimento das ditas condicións en caso de que lles sexa requirido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou pola Comisión Nacional de Enerxía.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista dos comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo que incluírá aquelas sociedades que comunicasen ao Ministerio o exercicio desta actividade.

3. As empresas que subministren GLP a granel deberán exixir aos titulares das instalacións ou, de ser o caso, aos consumidores a documentación acreditativa de que as súas instalacións cumpren as condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente resulten exixibles.

4. En todo caso, a actividade de subministración a vehículos desde instalacións fixas de distribución a retallo de produtos petrolíferos, sen prexuízo do disposto no artigo 6 desta lei, poderá ser realizada libremente, non sendo necesaria a súa comunicación ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.»

Cinco. Suprímese a letra e) do número 4 do artigo 46 bis.

Seis. Suprímese o artigo 48.

Sete. Engádesse un número 4 no artigo 50, coa seguinte redacción:

«4. Habilítase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para establecer a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados en España poderán cumprir a súa obriga mediante a constitución de reservas en Estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderá determinar a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados nos ditos países poderán constituír existencias mínimas de seguridade en territorio español.»

Oito. Modifícase o artigo 61.3, que queda redactado como segue:

«3. Os suxeitos que queiran exercer o seu dereito como consumidores directos en mercado deberano comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que, pola súa vez, o comunicará á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.»

Nove. Suprímese o último parágrafo do número 2 do artigo 67.

Dez. Suprímese a letra d) do artigo 68.

Once. Suprímese o artigo 71.

Doce. Suprímese a letra e) do artigo 73.3.

Trece. Modifícase a redacción da letra i) do artigo 74.1, que pasa a ser a seguinte:

«i) Estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores de combustibles gasosos por canalización a que se refire o presente título.»

Catorce. O artigo 80 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 80. *Comercializadores de gas natural.*

1. Os comercializadores de gas natural deberán cumprir cos requisitos que se establezan regulamentariamente, entre os cales se incluírá a suficiente capacidade

técnica do solicitante. As empresas comercializadoras deberán presentar as garantías que resulten exixibles.

Sempre deberán comunicar á Administración competente e, en todo caso, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que, pola súa vez, o comunicará á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, o inicio ou cesamento da actividade, acompañando a comunicación dunha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos a que se refire o parágrafo anterior.

Os comercializadores de gas natural deberán acreditar o cumprimento destes requisitos en caso de que lles sexa requirido pola Administración competente, polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou pola Comisión Nacional de Enerxía.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

No caso de que a empresa que queira actuar como comercializadora, ou a sociedade dominante do grupo a que aquela pertenza, teña a nacionalidade dun país non membro da Unión Europea no cal non estean recoñecidos dereitos análogos e se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas que operan no mercado nacional, deberá contar con autorización administrativa previa outorgada pola autoridade competente, que poderá ser denegada ou condicionada, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía. Entenderase por sociedade dominante e grupo de sociedades os que para estes efectos estableza o artigo 4 da Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2. A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista dos comercializadores de gas natural que incluírá aquelas sociedades que comunicasen á Administración competente o exercicio desta actividade.»

Quince. A letra a) do artigo 81.2 queda redactado nos seguintes termos:

«a) Comunicar á Administración competente o inicio ou cesamento no exercicio da actividade e cumprir cos requisitos regulamentariamente establecidos.»

Dezaseis. Engádese un novo parágrafo ao final do artigo 82 coa seguinte redacción:

«Así mesmo, en caso de que un comercializador non cumpra algunhas das obrigas establecidas nas letras d), e), f), g) e h) a que fai referencia o artigo 81.2 desta lei, ou non cumpra nos prazos que se establezan outras obrigas de pagamento fronte ao sistema gasista, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determinará, logo do trámite de audiencia e de forma motivada, obxectiva e transparente, o traspaso dos clientes do dito comercializador a un comercializador de último recurso, sen que esta circunstancia supoña cargas extraordinarias para o comercializador de último recurso. Así mesmo, determinará as condicións de subministración dos ditos clientes.

O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivarse de acordo co establecido no título VI desta lei.»

Dezasete. Modifícase o título e o contido do artigo 83, cuxo teor pasa a ser o seguinte:

«Artigo 83. *Rexistro Administrativo de Distribuidores.*

Créase, no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o Rexistro Administrativo de Distribuidores de combustibles gasosos por canalización. Regulamentariamente, contando co informe previo das comunidades autónomas, establecerase a súa

organización, así como os procedementos de inscrición e comunicación de datos a este rexistro.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestionar os correspondentes rexistros territoriais.»

Dezaioito. Introdúcese un número 4 no artigo 98, coa seguinte redacción:

«4. Habilítase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para establecer a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados en España poderán cumprir a súa obriga mediante a constitución de reservas en Estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderá determinar a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados nos ditos países poderán constituír existencias mínimas de seguridade en territorio español».

Dezanove. Modifícase o artigo 109.1.a), que pasa a ter a seguinte redacción:

«a) A realización de actividades reguladas nesta lei ou a construción, ampliación, explotación ou modificación de instalacións afectas a elas sen a necesaria concesión, autorización administrativa, declaración responsable, comunicación ou inscrición no rexistro correspondente cando proceda ou o incumprimento do contido, prescricións e condicións delas cando se poña en perigo manifesto as persoas ou os bens.»

TÍTULO IV

Servizos de transporte e comunicacións

CAPÍTULO I

Servizos de transporte

Artigo 20. *Modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.*

O primeiro parágrafo do artigo 151 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, queda modificado do seguinte modo:

«As actividades aéreas que se realicen para os fins do artigo anterior, excepto as de turismo e as deportivas, requirirán a autorización previa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para os efectos de manter a seguridade nas operacións aeronáuticas, e estarán sometidas á súa inspección nos termos establecidos pola lexislación vixente.»

Artigo 21. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18.

O prezo dos transportes discrecionais de viaxeiros e mercadorías e o das actividades auxiliares e complementarias de transporte será libremente fixado polas partes contratantes.

Non obstante, cando unha comunidade autónoma establecese tarifas de obrigado cumprimento para os transportes interurbanos de viaxeiros en vehículos de turismo que se desenvolvan integramente no seu territorio, estas serán tamén de

aplicación a cantos servizos desta clase se inicien nel, sexa cal for o lugar en que finalicen.

Tampouco estarán sometidos a tarifas aprobadas pola Administración os transportes regulares de viaxeiros temporais ou de uso especial.»

Dous. Suprímense os artigos 49 e 50, que quedan sen contido.

Tres. O artigo 91 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 91.

As autorizacións de transporte público discrecional habilitarán para realizar servizos en todo o territorio nacional, sen limitación ningunha por razón da orixe ou destino do servizo.

Do anterior quedarán exceptuadas as autorizacións de transporte interurbano de viaxeiros en vehículos de turismo, que deberán respectar as condicións que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente en relación coa orixe ou destino dos servizos.»

Catro. O número 1 do artigo 123 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O exercicio da actividade de axencia de viaxe rexeráse pola normativa específica de turismo.»

Cinco. Suprímese o artigo 124, que queda sen contido.

Seis. O artigo 128 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 128.

O establecemento de estacións e centros de transporte estará suxeito ao cumprimento das condicións que, por razóns de índole urbanística, fiscal, social e laboral ou de seguridade cidadá ou viaria, veñan impostas, para o efecto, pola lexislación reguladora de tales materias.»

Sete. Suprímense os artigos 129, 130, 131 e 132, que quedan sen contido.

Oito. O artigo 133 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 133.

1. A actividade de arrendamento de vehículos sen condutor poderá ser realizada libremente por todas aquelas empresas que cumpran as obrigas que, por razóns de índole fiscal, social e laboral ou de seguridade cidadá ou viaria, lles veñan impostas pola lexislación reguladora de tales materias.

2. Fóra dos supostos de colaboración previstos nesta lei, os titulares de autorizacións de transporte unicamente poderán desenvolver a súa actividade mediante vehículos cedidos ou arrendados por outros, cando tales vehículos estean exclusivamente dedicados ao arrendamento sen condutor polo seu titular, que deberá ser unha empresa profesionalmente dedicada a esta actividade.»

Nove. O artigo 134 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 134.

Fóra dos supostos de colaboración previstos nesta lei, unicamente poderán arrendarse con condutor os vehículos de turismo.

O arrendamento de vehículos con condutor terá, para efectos da lexislación de ordenación dos transportes por estrada, a consideración de transporte discrecional de viaxeiros e o seu exercicio estará suxeito a todas as regras contidas nesta lei que resulten de aplicación á dita clase de transporte.»

Dez. Suprímense os artigos 135 e 136, que quedan sen contido.

Artigo 22. *Modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.*

O texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, queda modificado como segue:

Un. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Competencias do Ministerio do Interior.*

Atribúense ao Ministerio do Interior as seguintes competencias no ámbito desta lei, sen prexuízo das que teñan asumidas as comunidades autónomas nos seus propios estatutos:

a) Expedir e revisar os permisos e licenzas para conducir vehículos de motor e ciclomotores cos requisitos sobre coñecementos, aptitudes técnicas e condicións psicofísicas e periodicidade que se determinen regulamentariamente, así como a anulación, intervención, revogación e, de ser o caso, suspensión daqueles.

b) Trocar, de acordo coas normas regulamentarias aplicables, os permisos para conducir expedidos no ámbito militar e policial polos correspondentes no ámbito civil, así como os permisos expedidos no estranxeiro cando así o prevexa a lexislación vixente.

c) Conceder as autorizacións de apertura de centros de formación de condutores e declarar a nulidade, así como os certificados de aptitude e autorizacións que permitan acceder á actuación profesional en materia de ensino da conducción e acreditar a destinada ao recoñecemento de aptitudes psicofísicas dos condutores, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se determinen.

d) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación dos vehículos de motor, remolques, semirremolques e ciclomotores, así como a anulación, intervención ou revogación de tales permisos ou licenzas, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se establezan.

e) Expedir as autorizacións ou permisos temporais e provisionais para a circulación de vehículos ata a súa matriculación.

f) O establecemento de normas especiais que posibiliten a circulación de vehículos históricos e fomenten a conservación e restauración dos que integran o patrimonio histórico cultural.

g) A retirada dos vehículos da vía fóra de lugar habitado e a baixa temporal ou definitiva da circulación dos ditos vehículos.

h) Os rexistros de vehículos, de condutores e infractores, de profesionais do ensino da conducción, de centros de formación de condutores, dos centros de recoñecemento para condutores de vehículos de motor e de manipulación de placas de matrícula, na forma que regulamentariamente se determine.

i) A vixilancia e disciplina do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías cando non exista policía local, así como a denuncia e sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguridade en tales vías.

j) A denuncia e sanción das infraccións por incumprimento da obriga de someterse á inspección técnica de vehículos, así como ás prescricións derivadas daquela, e por razón do exercicio de actividades industriais que afecten de maneira directa a seguridade viaria.

k) A regulación, xestión e control do tráfico en vías interurbanas e en travesías, establecendo para estas últimas fórmulas de cooperación ou delegación coas

entidades locais, e sen prexuízo do establecido noutras disposicións e das facultades doutros departamentos ministeriais.

l) Establecer as directrices básicas e esenciais para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das atribucións das corporacións locais, con cuxos órganos se instrumentará, de común acordo, a colaboración necesaria.

m) A autorización de probas deportivas que deban celebrarse utilizando en todo ou parte do percorrido estradas estatais, logo de informe das administracións titulares das vías públicas afectadas, e emitir informe, con carácter vinculante, sobre as que vaian conceder outros órganos autonómicos ou municipais, cando deban circular por vías públicas ou de uso público en que a Administración xeral do Estado ten atribuída a vixilancia e regulación do tráfico.

n) Pechar á circulación, con carácter excepcional, estradas ou tramos delas, por razóns de seguridade ou fluidez do tráfico, na forma que se determine regulamentariamente.

ñ) A coordinación da estatística e a investigación de accidentes de tráfico, así como as estatísticas de inspección de vehículos, en colaboración con outros organismos oficiais e privados, de acordo co que regulamentariamente se determine.

o) Arealización das probas, regulamentariamente establecidas, para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos condutores que circulen polas vías públicas en que teñen atribuída a vixilancia e o control da seguridade da circulación viaria.

p) Contratar a xestión dos cursos de sensibilización e reeducación viaria que teñen que realizar os condutores como consecuencia da perda parcial ou total dos puntos que lles foron asignados, elaborar o contido dos cursos, así como a súa duración e requisitos. Esta xestión realizarase de acordo co establecido no artigo 253 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

q) A garantía de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, especialmente na súa calidade de condutores, en todos os ámbitos regulados nesta lei.»

Dous. O número 2 do artigo 60 queda redactado nos seguintes termos:

«2. O ensino dos coñecementos e técnica necesarios para a conducción, así como o posterior perfeccionamento e renovación de coñecementos será exercido por centros de formación oficiais ou privados, que poderán constituír seccións ou sucursais coa mesma titularidade e denominación.

Os centros de formación requirirán autorización previa, que terá validez en todo o territorio español no caso de que se establezan seccións ou sucursais.

A constatación das aptitudes psicofísicas dos condutores será exercida por centros oficiais ou privados, que necesitarán de autorización previa para desenvolver a súa actividade.

Para os fins de garantir a seguridade viaria, o Goberno determinará os elementos persoais e materiais mínimos para a formación e o recoñecemento de condutores seguindo o establecido na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. En particular, regularase regulamentariamente o réxime docente e de funcionamento dos centros de formación. A titulación e acreditación dos profesores e directores basearase en probas obxectivas que valoren os coñecementos, a aptitude pedagóxica e a experiencia práctica. As probas convocaranse periodicamente, e a cualificación poderá ser obxecto de recurso.

Igualmente, para os fins de garantir a seguridade viaria, regularase regulamentariamente o funcionamento dos centros de recoñecemento de condutores.»

Tres. Suprímese o número 4 do anexo III, que queda sen contido.

Artigo 23. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.*

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 77.2 terá a seguinte redacción:

«2. O capitán e o primeiro oficial de cuberta dos buques nacionais deberán ter a nacionalidade dun Estado membro do Espazo Económico Europeo, salvo nos supostos en que se estableza, por parte da Administración marítima, que estes empregos deben ser desempeñados por cidadáns de nacionalidade española por implicar o exercicio efectivo de forma habitual de prerrogativas de poder público que non representen unha parte moi reducida das súas actividades. O resto da dotación, no caso de buques mercantes, deberá ser de nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro do Espazo Económico Europeo, cando menos no seu 50 por cento.»

Dous. O número seis, letra a), da disposición adicional décimo quinta quedará redactado do modo seguinte:

«Nacionalidade: o capitán e o primeiro oficial dos buques deberán ter, en todo caso, a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, salvo nos supostos en que se estableza, por parte da Administración marítima, que estes empregos deben ser desempeñados por cidadáns de nacionalidade española por implicar o exercicio efectivo de forma habitual de prerrogativas de poder público que non representen unha parte moi reducida das súas actividades.

O resto da dotación deberá ser de nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, cando menos no seu 50 por cento.

Non obstante o anterior, cando non haxa dispoñibilidade de tripulantes de nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, cando medien razóns de viabilidade económica do servizo de transporte, ou por calquera outra causa que poida ter unha incidencia fundamental na existencia do servizo, o Ministerio de Fomento poderalles autorizar ás empresas solicitantes o emprego de tripulantes non nacionais dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo en proporción superior á expresada anteriormente, sempre que quede garantida a seguridade do buque e a navegación, tendo en conta as formalidades establecidas na normativa española vixente en materia de estranxeiría e inmigración.»

Tres. Engádese un novo número 2.t) na disposición derogatoria única, coa seguinte redacción:

«O artigo 609 do Código de comercio en canto á exixencia da nacionalidade española para o exercicio da profesión de capitán, así como calquera outra norma de similar carácter.»

Artigo 24. *Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

A Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícanse a letra j) e a letra k) do número 1 do artigo 21, que quedan redactadas da seguinte forma:

«j) A prestación de servizos adicionais e, de ser o caso, de servizos complementarios e auxiliares ao servizo de transporte ferroviario.

k) A proposta ao Ministerio de Fomento das tarifas pola prestación dos servizos adicionais e complementarios.»

Dous. O artigo 40 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 40. *Prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.*

1. Os servizos adicionais, complementarios e auxiliares na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e as súas zonas de servizo ferroviario, tendentes a facilitar o funcionamento do sistema ferroviario, prestaranse ás empresas ferroviarias e outros candidatos conforme se establece a seguir. Enténdese por zonas de servizo ferroviario as referidas no artigo 9 desta lei.

2. A prestación dos servizos adicionais na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e as súas zonas de servizo ferroviario será realizada sempre polo administrador de infraestruturas ferroviarias, que estará obrigado a prestalos por solicitude das empresas ferroviarias.

3. A prestación de servizos complementarios na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas áreas das zonas de servizo ferroviario administradas polo administrador de infraestruturas ferroviarias efectuarase en réxime de dereito privado e poderá ser realizada:

a) Polo administrador de infraestruturas ferroviarias polos seus propios medios ou mediante xestión indirecta a través de empresas contratistas seleccionadas conforme a Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais; e nos supostos en que esta non sexa de aplicación, conforme o ordenamento xurídico privado con observancia dos principios de publicidade e concorrencia. As ditas empresas contratistas deberán dispor dun título habilitante para a prestación do servizo complementario correspondente, outorgado polo administrador de infraestruturas ferroviarias; e non poderán estar vinculadas con empresas ferroviarias. Para estes efectos, entenderase que existe vinculación con empresas ferroviarias cando pertencen ao mesmo grupo empresarial. Entenderase aplicable o concepto de grupo empresarial nos supostos a que se refire o artigo 42.1 do Código de comercio e o artigo 87 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

Por orde do titular do Ministerio de Fomento determinaranse os criterios conforme os cales o administrador de infraestruturas ferroviarias deberá prestar estes servizos.

Os servizos complementarios que ofrezca en cada momento o administrador de infraestruturas ferroviarias, a través da declaración sobre a rede ou documento equivalente, serán de obrigada prestación por solicitude das empresas ferroviarias e outros candidatos.

b) Directamente, ao seu risco e ventura, por empresas prestadoras provistas do preceptivo título habilitante outorgado polo administrador de infraestruturas ferroviarias, sempre que dispoñan dos espazos, instalacións ou medios necesarios para a realización da prestación correspondente, a través do oportuno acordo ou contrato co dito administrador. Nas áreas das zonas de servizo ferroviario administradas pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, tales empresas prestadoras non poderán estar vinculadas con empresas ferroviarias. O título habilitante deberá ter carácter regrado. O administrador de infraestruturas ferroviarias deberá outorgar o dito título ás empresas que cumpran os requisitos que o titular do Ministerio de Fomento estableza regulamentariamente para a súa obtención. Regulamentariamente estableceranse as condicións para que o administrador de infraestruturas ferroviarias subscriba acordos ou contratos de disposición de espazos, instalacións ou medios que as empresas prestadoras de

servizos complementarios soliciten, garantindo a seguridade ferroviaria e o adecuado uso das instalacións. Os referidos servizos complementarios serán de prestación obrigatoria por solicitude das empresas ferroviarias e outros candidatos, con aplicación dos principios de igualdade de trato, transparencia e non-discriminación. Considerarase condición esencial da actividade o respecto á confidencialidade dos datos que se puidesen coñecer durante o seu desenvolvemento acerca das operacións das empresas ferroviarias e candidatos, e o seu incumprimento considerarase como infracción grave das comprendidas no número a) do artigo 89 desta lei.

c) As empresas ferroviarias e os candidatos titulares de material rodante, presten ou non servizos complementarios ao abeiro do establecido na epígrafe b) anterior, poderán realizar para si mesmos os ditos servizos complementarios sempre que subscribisen co administrador de infraestruturas ferroviarias o correspondente acordo ou contrato sobre dispoñibilidade de espazos e, de ser o caso, de instalacións ou medios que sexan solicitados pola empresa ferroviaria ou candidato. A autoprestación poderase realizar directamente ou a través de contrato con terceiros. Neste caso, os prestadores deberán estar en posesión do correspondente título habilitante outorgado polo dito administrador. No suposto recollido na presente letra c), as empresas ferroviarias e outros candidatos terán prohibida a prestación de servizos complementarios a empresas distintas. O incumprimento desta obriga suporá unha infracción grave comprendida no número a) do artigo 89 desta lei.

4. A prestación de servizos auxiliares na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas áreas das súas zonas de servizo administradas polo administrador de infraestruturas ferroviarias efectuarase en réxime de dereito privado, sen que sexa precisa autorización previa ningunha da administración ferroviaria e sen que sexa obrigatoria tal prestación. En todo caso, a empresa prestadora deberá ter suscrito co administrador de infraestruturas ferroviarias o correspondente acordo ou contrato sobre dispoñibilidade de espazos e, de ser o caso, das instalacións ou medios cuxa utilización lle solicitase a aquel. O obxecto social da empresa prestadora deberá abarcar a realización dos citados servizos; no entanto, as empresas ferroviarias e outros candidatos titulares de material rodante que non cumpran este requisito poderán realizar para si os referidos servizos en réxime de autoprestación, directamente ou a través de terceiros, sempre que subscribisen co administrador de infraestruturas ferroviarias o correspondente acordo ou contrato sobre dispoñibilidade de espazos e, de ser o caso, das instalacións ou medios cuxa utilización lle solicitasen. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá prestar en calquera caso os servizos auxiliares.

5. A prestación de servizos complementarios e auxiliares naquelas áreas das zonas de servizo ferroviario que non estean administradas polo administrador de infraestruturas ferroviarias efectuarase en réxime de dereito privado e poderá ser levada a cabo sen suxeición ao título habilitante previsto neste artigo, por empresas cuxo obxecto social abarque a realización dos citados servizos. No entanto, as empresas ferroviarias e outros candidatos titulares de material rodante que non cumpran este requisito poderán realizar para si os referidos servizos en réxime de autoprestación, directamente ou a través de terceiros. A prestación dos servizos complementarios e auxiliares no referido ámbito non será obrigatoria.

6. No ámbito da súa competencia, as autoridades portuarias realizarán as funcións asignadas ao administrador de infraestruturas ferroviarias nos números anteriores en relación cos servizos adicionais, complementarios e auxiliares. Os servizos adicionais de acceso a e desde a vía ás redes ferroviarias dos portos de interese xeral do Estado poderán ser prestados pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias logo de acordo entre a dita entidade e a correspondente autoridade portuaria.

7. O uso dos espazos, instalacións e medios dispoñibles nas áreas das zonas de servizo ferroviario administradas polo administrador de infraestruturas ferroviarias,

regularase a través do correspondente contrato de dispoñibilidade entre as partes, no cal figurarán, entre outros extremos, o obxecto, a forma e a temporalidade da utilización dos citados medios, a duración do contrato e o seu prezo. No caso das autoridades portuarias, o mencionado uso de espazos, instalacións e medios dispoñibles levarase a cabo mediante as correspondentes concesións, autorizacións e demais formas xurídicas que sexan de aplicación conforme a lexislación portuaria.

8. O disposto nos números anteriores non será de aplicación ás infraestruturas ferroviarias de titularidade privada que complementan a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e que non estean situadas nas zonas de servizo ferroviario desta, excepción feita dos servizos adicionais de acceso aos apartadoiros e desde estes, aos cales será de aplicación o establecido no número 2.»

Tres. O artigo 41 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 41. *Réxime aplicable.*

Por orde do ministro de Fomento establecerase o réxime xurídico das condicións de prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares conforme os principios de non-discriminación e proporcionalidade.»

Catro. Modifícase o artigo 78, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 78. *Réxime xeral.*

1. A prestación dos servizos adicionais e complementarios estará suxeita ao pagamento de tarifas, que terán o carácter de prezos privados. A prestación de servizos auxiliares estará suxeita a prezos libremente acordados entre as partes.

2. Non se devengarán tarifas nin prezos polas actividades e servizos suxeitos ao pagamento dos canons ferroviarios regulados neste título.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 79, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As tarifas dos servizos adicionais serán aprobadas polo Ministerio de Fomento por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias, e incluíranse na declaración sobre a rede. A dita proposta non terá carácter vinculante para o Ministerio de Fomento.

As tarifas dos servizos complementarios prestados na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas áreas das súas zonas de servizo ferroviario administradas polo administrador de infraestruturas ferroviarias serán aprobadas, con independencia de quen sexa o seu prestador, polo Ministerio de Fomento por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias. A súa contía deberá figurar na declaración sobre a rede. O Ministerio de Fomento poderá establecer, por motivos de interese xeral relativos aos obxectivos da política social, exoneracións ou minoracións nas tarifas en vigor dos servizos prestados polo administrador de infraestruturas ferroviarias, compensando a este último, se procede, pola diminución de ingresos que derive da súa aplicación.

As tarifas dos servizos complementarios realizados nas áreas de zonas de servizo ferroviario non administradas polo administrador de infraestruturas ferroviarias serán de libre fixación pola empresa prestadora, que deberá comunicalas con antelación ao Ministerio de Fomento para o seu coñecemento.

As tarifas dos servizos complementarios realizadas nas áreas dependentes das autoridades portuarias serán aprobadas, con independencia de quen sexa o seu prestador, polas ditas autoridades e remitidas ao Ministerio de Fomento. A súa contía deberá ser feita pública pola correspondente autoridade portuaria.

O prezo dos servizos auxiliares será acordado libremente entre as partes.»

Seis. Modifícase no anexo a descrición dos servizos complementarios da seguinte maneira:

«Servizos complementarios. Tales servizos poden comprender:

- a) A corrente de tracción.
- b) A subministración de combustible.
- c) O prequentamento de trens de viaxeiros.
- d) O de manobras e calquera outro relacionado coas operacións sobre o material ferroviario prestado nas instalacións de mantemento, reparación, subministración e terminais de carga e estacións de clasificación.
- e) Os específicos para control do transporte de mercadorías perigosas e para a asistencia á circulación de convois especiais.»

Sete. Engádesse unha nova disposición transitoria sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima. *Contratos actualmente en vigor.*

Para os contratos actualmente en vigor, a prohibición imposta ás empresas prestadoras de servizos complementarios de ter vinculación con empresas ferroviarias, a que se refire o número 3 do artigo 40, será de aplicación a partir do 1 de xullo de 2013, salvo que os contratos que tiveren subscritos con estas finalizasen con anterioridade.»

Artigo 25. *Modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.*

A Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 89, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Para que a autoridade portuaria resolva sobre unha autorización de prestación de servizo ou de actividade, o interesado deberá formular unha solicitude acompañada de:

- a) Datos identificativos do solicitante ou, de ser o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.
- b) Descrición da actividade que vai desenvolver e, de ser o caso, prazo desta.
- c) Información económico-financeira da actividade que se vai desenvolver.
- d) Outros documentos e xustificacións que a autoridade portuaria considere necesarios e a súa existencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral.

Contando con informe previo do director e audiencia do interesado, cando proceda, corresponde ao consello de administración da autoridade portuaria o outorgamento, con carácter regrado, das autorizacións cuxo prazo de vixencia sexa superior a un ano, e ao presidente, o daquelas que non excedan o dito prazo.»

Dous. O número 1 do artigo 109 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para que a autoridade portuaria resolva sobre a ocupación do dominio público portuario, o interesado deberá formular unha solicitude á que xuntará os seguintes documentos e xustificantes:

- a) Datos identificativos do solicitante ou, de ser o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

b) Acreditación de solvencia económica e técnica para facer fronte ás obrigas resultantes da concesión.

c) Proxecto básico, que deberá adaptarse ao plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, ao plan de utilización dos espazos portuarios. Incluirá a descrición das actividades que se van desenvolver, características das obras e instalacións que se van realizar, que deberán ser conformes co plan director, posibles efectos ambientais e, de ser o caso, estudo de impacto ambiental, extensión da zona de dominio público portuario que se vai ocupar, orzamento estimado das obras e instalacións e outras especificacións que determine a autoridade portuaria.

d) Memoria económico-financeira da actividade que se vai desenvolver na concesión.

e) Cumprimento das condicións específicas para o exercicio da actividade obxecto da concesión.

f) Garantía provisional conforme o indicado no artigo 118 desta lei.

g) Outros documentos e xustificacións que sexan pertinentes e cuxa existencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral.»

CAPÍTULO II

Servizos de información e comunicacións

Artigo 26. Modificación da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

A Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 7 queda modificado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Condicións dos operadores de servizos postais.*

1. Para a prestación de servizos postais requirirase o cumprimento das condicións establecidas na presente disposición, incluso para aqueles operadores que actúen en nome, representación ou por conta doutro ou outros operadores postais.

2. Poderán establecerse e prestar servizos postais as persoas físicas coa nacionalidade dun Estado membro ou calquera persoa xurídica das previstas no artigo 48 do Tratado e establecida nun Estado membro, ou con outra nacionalidade cando así estea previsto nos convenios ou acordos internacionais nos cales sexa parte o Estado español. En todo caso, o operador que solicite a autorización deberá dispor de, cando menos, un establecemento en territorio español, comunicando, ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, o enderezo postal e a persoa de contacto daquel que se utilice para efecto de comunicacións.»

Dous. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

1. Todos os datos relativos aos prestadores de servizos postais deberán inscribirse no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, que dependerá da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. A inscrición no citado rexistro, igual que a renovación dela, será practicada de oficio pola Comisión Nacional do Sector Postal a partir da información contida na declaración responsable ou, de ser o caso, na autorización administrativa singular, segundo o réxime aplicable ao servizo que presten.

3. A inscrición no Rexistro renovarase cada dous anos por instancia da Comisión Nacional do Sector Postal.

4. O funcionamento do Rexistro e o procedemento de inscrición e renovación serán regulados regulamentariamente.»

Tres. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Ámbito e condicións das autorizacións xerais.*

1. Establécese un réxime de autorización xeral para a prestación de servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal.

2. O operador deberá asumir a obriga de cumprir os requisitos esenciais para a prestación do servizo postal e comprometerse ao pleno acatamento das disposicións que regulan os citados requisitos esenciais, previstas na normativa sectorial e de desenvolvemento desta lei.

3. Considéranse, para efectos desta lei, requisitos esenciais para a prestación do servizo postal, o respecto, conforme o artigo 18.3 da Constitución española, ao dereito á inviolabilidade da correspondencia, a obriga de protección dos datos e os establecidos pola normativa sectorial sobre seguridade do funcionamento da rede en materia de transporte de substancias perigosas, protección do ambiente e ordenación territorial.

A obriga de protección dos datos incluírá o deber de segredo dos de carácter persoal, a confidencialidade da información transmitida ou almacenada e a protección da intimidade.

Para estes efectos, a todos os envíos que, por calquera causa, non poidan, unha vez esgotadas todas as posibilidades para o efecto, ser entregados ao destinatario ou reexpedidos ao remitente, aplicaráselles as normas que regulamentariamente garantan as formalidades que se deberán seguir e os requisitos que se observarán para indagar a súa procedencia ou destino e, de ser o caso, as que establezan as condicións para a súa reclamación, para o seu depósito e para a súa eventual destrución polo operador.»

Catro. O artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Procedemento para as autorizacións xerais.*

1. Os interesados en prestar un servizo postal non incluído no ámbito do servizo postal universal deberán presentar ao Rexistro Xeral a que se refire o artigo 8, con carácter previo ao inicio da actividade, unha declaración responsable na que conste expresamente:

- a) Sometemento ás condicións a que se refire o artigo anterior.
- b) Que cumpren os requisitos establecidos na normativa postal vixente e dispoñen documentos que así o acreditan.
- c) O compromiso de manter os requisitos establecidos durante a vixencia da actividade e de comunicar ao Rexistro Xeral calquera cambio que se produza neles.
- d) O compromiso de achegar toda a información necesaria para delimitar claramente o servizo correspondente.

A presentación da declaración responsable habilita para o desenvolvemento da actividade de que se trate en todo o territorio español, sen prexuízo de que, logo de audiencia do interesado e mediante resolución motivada, poida ser privada de validez e eficacia, cando se constate que na propia declaración non se cumpren os requisitos establecidos no parágrafo anterior. Igualmente, poderá ser declarada sen eficacia cando se constate o incumprimento sobrevido dalgún deses requisitos. En tales casos, ademais, cancelarase a inscrición rexistral.

2. Para os efectos desta lei, a inscrición no Rexistro regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, tamén habilitará para a prestación dos servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal, unha vez que o interesado efectuase a comunicación desta circunstancia á Comisión Nacional do Sector Postal.

3. Os interesados a que se refiren os números anteriores poderán comezar a prestación do servizo postal a partir do día seguinte ao do envío da declaración responsable ou, de ser o caso, da comunicación a que se refire o número anterior, ao Rexistro citado.

Os datos relativos aos titulares das autorizacións xerais faranse constar no Rexistro Xeral nos termos sinalados no artigo 8.

En todo caso, o Rexistro Xeral enviará unha notificación ao interesado en que conste a data na que se practicou a inscrición no Rexistro, sen que esta notificación condicione o inicio da actividade.»

Cinco. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Condicións que poden imporse aos titulares de autorizacións administrativas singulares.*

As autorizacións administrativas singulares outórganse con carácter regrado, logo de acreditación do cumprimento polo solicitante dos requisitos exixibles para a prestación do servizo postal e a asunción por el das condicións a que se refire o artigo 9.2 e 9.3 e daquelas outras de contido non económico que poidan establecerse por orde do Ministerio de Fomento. Estas últimas condicións poderanse exixir, exclusivamente, por motivos de interese xeral.

Igualmente, o solicitante deberá asumir o cumprimento das seguintes obrigas:

- a) As de servizo público que, consonte o establecido no artigo 22, lle sexan exixibles.
- b) As propias do servizo postal universal que asuma voluntariamente e que deberán figurar nas ofertas dos servizos que dirixa aos usuarios.
- c) A de non perturbar, na prestación dos servizos, os dereitos especiais ou exclusivos e o réxime de reserva establecido en beneficio do operador ao cal se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.»

Artigo 27. *Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

A Lei 32/2003, xeral de telecomunicacións, queda modificada do seguinte modo:

Un. O artigo 42 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 42. *Condicións que deben cumprir as instalacións e instaladores.*

1. A instalación dos aparellos de telecomunicación deberá ser realizada seguindo as instrucións proporcionadas polo seu fabricante e mantendo, en calquera caso, inalteradas as condicións baixo as cales se verificou a súa conformidade cos requisitos esenciais, nos termos establecidos nos artigos anteriores deste título.

2. A prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación realizarase en réxime de libre competencia sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Poderán prestar servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou con outra nacionalidade, cando, no segundo caso, así estea previsto nos acordos internacionais que vinculen o Reino de España. Para o resto de persoas físicas ou xurídicas, o Goberno poderá autorizar excepcións de carácter xeral ou particular á regra anterior.

Os interesados na súa prestación deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ao Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación unha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos relativos á capacidade técnica e á cualificación profesional para o exercicio da actividade, medios técnicos e cobertura mínima do seguro nos termos que se determinen regulamentariamente.

Os requisitos de acceso á actividade e o seu exercicio serán proporcionados, non discriminatorios, transparentes e obxectivos, e estarán clara e directamente vinculados ao interese xeral concreto que os xustifique.

A declaración responsable habilita para a prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación en todo o territorio español e cunha duración indefinida.

Cando se constate da declaración responsable do interesado que non se cumpren os requisitos establecidos no parágrafo anterior, ditarase resolución motivada, nun prazo máximo de trinta días, mediante a cal se terá por non realizada aquela. Antes de ditar resolución, dirixiráselle ao interesado unha notificación para que repare, no prazo de dez días, os defectos ou erros en que puidese ter incorrido a declaración responsable. Mentres se substancia o trámite de reparación da declaración responsable, producirase a interrupción do cómputo do prazo de trinta días mencionado para ditar resolución.

Igualmente, cando se constate o incumprimento sobrevido dalgún dos requisitos determinados regulamentariamente, dirixiráselle ao interesado unha notificación para que repare o dito incumprimento no prazo de quince días. Transcorrido o dito prazo sen que a reparación se producise, procederáse a ditar resolución para privar de eficacia a declaración e cancelar a inscrición rexistral.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza, á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, que procederá á inscrición da modificación no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación.

Se, como consecuencia da prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación, se puxer en perigo a seguridade das persoas ou das redes públicas de telecomunicacións, poderase ditar resolución motivada pola que, con audiencia previa do interesado, se adopte de forma cautelar e inmediata a suspensión da eficacia da declaración.

Nos supostos de prestación temporal ou ocasional no territorio español da actividade de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación por empresas establecidas noutros Estados membros da Unión Europea, o exercicio da actividade será libre.

3. O Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación será de carácter público e a súa regulación farase mediante norma regulamentaria. Nel inscribíranse de oficio os datos relativos ás persoas físicas ou xurídicas que declarasen a súa intención de prestar servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación e as súas modificacións, a partir da información contida nas declaracións. Os trámites relativos á inscrición no Rexistro non poderán supor un atraso da habilitación para exercer a actividade.»

Dous. Engádesse unha nova alínea s) no artigo 54 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, coa seguinte redacción:

«s) O exercicio da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación sen ter efectuado a declaración responsable ou sen cumprir os requisitos a que se refire o artigo 42.2.»

TÍTULO V

Servizos ambientais e de agricultura

CAPÍTULO I

Servizos ambientais

Artigo 28. *Modificación da Lei do 20 de febreiro de 1942, pola que se regula o fomento e conservación da pesca fluvial.*

Derrógase o último inciso do artigo 39, «igualmente, serán obxecto de regulamentación os que deban concederse a estranxeiros», da Lei do 20 de febreiro de 1942, pola que se regula o fomento e conservación da pesca fluvial.

Artigo 29. *Modificación da Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza.*

Derrógase o número 5 do artigo 15, o último inciso do número 1 do artigo 18, «a todos os españois que o desexen», os números 3 e 6 do artigo 18 e o número 5 do artigo 34 da Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza.

Artigo 30. *Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.*

A Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, queda modificada como segue:

Un. Engádese un segundo parágrafo ao artigo 53.1, coa seguinte redacción:

«En caso de que os concellos opten por explotar os servizos de temporada a través de terceiros, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.»

Dous. Engádese un segundo parágrafo ao artigo 74.3, coa seguinte redacción:

«No outorgamento de solicitudes relativas a actividades de servizos respectaranse os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.»

Tres. O número 1 do artigo 75 queda redactado nos seguintes termos:

«A Administración poderá convocar concursos para o outorgamento de concesións e autorizacións no dominio público marítimo-terrestre. En tales procedementos respectaranse os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.»

Artigo 31. *Modificación da Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias.*

A Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias, queda modificada como segue:

Un. Engádese un terceiro parágrafo ao número 1 do artigo 16, coa seguinte redacción:

«No caso de que a circulación de vehículos motorizados estea vinculada a unha actividade de servizos, esta autorización substituirase pola declaración responsable prevista no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A declaración responsable deberá presentarse cun período mínimo de antelación de quince días,

para que a comunidade autónoma poida comprobar a compatibilidade da circulación do vehículo motorizado co establecido no artigo 1.3.»

Dous. Engádesse un terceiro parágrafo ao número 2 do artigo 17, coa seguinte redacción:

«Cando se trate de instalacións vinculadas a unha actividade de servizos, a dita autorización substituirase pola declaración responsable prevista no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A declaración responsable deberá presentarse cun período mínimo de antelación de quince días, para que a comunidade autónoma poida comprobar a compatibilidade da instalación desmontable co establecido no artigo 1.3.»

Tres. Engádesse unha letra h) no número 3 do artigo 21, coa seguinte redacción:

«h) A non presentación de declaración responsable ou o incumprimento das previsións contidas na declaración responsable para o exercicio dunha determinada actividade ou das condicións impostas pola Administración para o exercicio dela.»

Catro. Engádesse unha letra i) no número 3 do artigo 21 coa seguinte redacción:

«i) A inexactitude, falsidade ou omisión dos datos, manifestacións ou documentos que se incorporen ou acheguen á declaración responsable.»

Non obstante, no caso de vías pecuarias que atravesen zonas consideradas de monte ou de influencia forestal, especialmente en épocas de risco de incendios forestais, o órgano competente da comunidade autónoma poderá exixir unha autorización nos termos expresados na normativa forestal.

Artigo 32. *Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.*

A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un artigo 6 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. *Rexistro de produción e xestión de residuos.*

A información, autorizacións e rexistros que deriven desta lei serán incorporados polas comunidades autónomas, para efectos informativos, a un Rexistro de produción e xestión de residuos que será compartido e único para todo o territorio español. Este rexistro desenvolverase regulamentariamente logo de consulta ás comunidades autónomas, e será público e accesible a calquera persoa física ou xurídica que cumpra cos requisitos que regulamentariamente se establezan.»

Dous. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Importación, adquisición intracomunitaria, intermediación e axencia.*

Sen prexuízo do establecido no Regulamento CEE 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, e das autorizacións que, de ser o caso, sexan exhibibles de conformidade co establecido no artigo anterior, os importadores e adquirentes intracomunitarios, así como os axentes comerciais ou intermediarios que, en nome propio ou alleo, poñan residuos no mercado ou realicen con eles operacións xurídicas que impliquen cambio de titularidade posesoria, mesmo sen contido transaccional comercial, deberán comunicar o inicio de actividades ao órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde teñan o seu domicilio, para a súa inscrición no Rexistro de produción e xestión de residuos.

Así mesmo, os suxeitos mencionados no parágrafo anterior deberán comunicar para o seu rexistro ao órgano competente da comunidade autónoma onde vaian destinados os residuos, cando menos, as cantidades, natureza, orixes e destinos deles, así como, de ser o caso, o método de transporte e o método de valorización ou eliminación que se vaia empregar.»

Tres. O número 1 do artigo 13 queda redactado como segue:

«1. Quedan sometidos a réxime de autorización polo órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde estean situadas, aquelas instalacións onde se vaian desenvolver actividades de valorización ou eliminación de residuos.

Así mesmo, deberán obter autorización as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de valorización e eliminación de residuos, comprobando previamente que as instalacións onde se van realizar dispoñan da autorización indicada no parágrafo anterior ou ben de autorización ambiental integrada. Estas autorizacións serán concedidas polo órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde teñan o seu domicilio e serán válidas para todo o territorio español.

Naqueles casos en que as persoas físicas ou xurídicas que realicen operacións de valorización e eliminación de residuos sexan asemade titulares das instalacións onde se realizan tales operacións, o órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde estea situada a instalación poderá conceder unha soa autorización que comprenda a da instalación e a da actividade exercida polo seu titular.

As autorizacións previstas neste artigo concederanse por un tempo determinado, pasado o cal se renovarán automaticamente por períodos sucesivos, e serán inscritas pola comunidade autónoma no Rexistro de produción e xestión de residuos.»

Catro. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Outras actividades de xestión de residuos.*

Os titulares de actividades en que se desenvolvan operacións de xestión de residuos non perigosos distintas á valorización ou eliminación, deberano comunicar para o seu rexistro ante o órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde teñan a súa sede. Esta información será inscrita pola comunidade autónoma no Rexistro de produción e xestión de residuos.»

Artigo 33. *Modificación do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

O texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, queda modificado do seguinte modo:

Un. O artigo 51 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 51. *Usos comúns especiais suxeitos a declaración responsable.*

1. O exercicio dos seguintes usos comúns especiais requirirá declaración responsable previa:

- a) A navegación e flotación.
- b) O establecemento de barcas de paso e os seus embarcadoiros.
- c) Calquera outro uso, non incluído no artigo anterior, que non exclúa a utilización do recurso por terceiros.

2. A declaración responsable, a que se refire o artigo 3.9 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso das actividades de servizos e o seu exercicio, deberá presentarse cun período mínimo de antelación de quince días, para que

poida comprobarse a compatibilidade dos ditos usos cos fins do dominio público hidráulico.»

Dous. O artigo 78 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 78. *Navegación recreativa en encoros.*

A navegación recreativa en encoros requirirá unha declaración responsable previa ao seu exercicio, conforme o disposto no artigo 51 desta lei. Na declaración responsable deberán especificarse as condicións en que se vai realizar a navegación para que a Administración poida verificar a súa compatibilidade cos usos previstos para as augas almacenadas, protexendo a súa calidade e limitando o acceso ás zonas de derivación ou desaugamento segundo regulamentariamente se especifique.»

Tres. Engádese unha letra i) ao número 3 do artigo 116, coa seguinte redacción:

«i) A non presentación de declaración responsable ou o incumprimento das previsións contidas na declaración responsable para o exercicio dunha determinada actividade ou das condicións impostas pola Administración para o exercicio dela.»

Catro. Engádese unha letra j) ao número 3 do artigo 116, coa seguinte redacción:

«j) A inexactitude, falsidade ou omisión nos datos, manifestacións ou documentos que se incorporen ou acheguen á declaración responsable.»

Artigo 34. *Modificación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.*

Engádese un número 5 no artigo 15 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, coa seguinte redacción:

«5. Nos procedementos de concesión e autorización de actividades de servizos que se vaian realizar en montes demaniais, sen prexuízo do disposto na regulación dos montes comunais, respectaranse os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade e transparencia. Aplicarase, ademais, o principio de concorrencia competitiva nos seguintes supostos:

- a) cando se trate dunha actividade de servizos promovida pola administración xestora do monte conforme os instrumentos de planificación e xestión deste,
- b) cando o exercicio da actividade exclúa o exercicio doutras actividades por terceiros.

Os criterios en que se baseará a concesión e autorización para a realización de actividades de servizos estarán directamente vinculados á protección do ambiente.

A duración de tales autorizacións e concesións será limitada de acordo coas súas características, non dará lugar a renovación automática nin a vantaxes a favor do anterior titular ou persoas especialmente vinculadas con el.»

Artigo 35. *Modificación da Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais.*

Engádese un novo artigo 13 bis na Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Autorización e concesión de actividades de servizos nun parque nacional.*

Os procedementos de concesión e autorización de actividades de servizos que, conforme os seus instrumentos de planificación e xestión, se vaian realizar nun parque nacional, deberán respectar os principios de publicidade, obxectividade,

imparcialidade e transparencia. Aplicarase, ademais, o principio de concorrencia competitiva nos seguintes supostos:

- a) cando se trate dunha actividade de servizos que promova a administración xestora do parque conforme os instrumentos de planificación e xestión deste,
- b) cando o exercicio da actividade exclúa o exercicio doutras actividades por terceiros.

Os criterios en que se baseará a concesión e autorización para a realización de actividades de servizos estarán directamente vinculados á protección do ambiente.

A duración das ditas autorizacións e concesións será limitada de acordo coas súas características, e non dará lugar a renovación automática. Unha vez extinguida, non comportará ningún tipo de vantaxe para o anterior titular nin para persoas vinculadas a el.»

Artigo 36. Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 4 do artigo 58 queda redactado da seguinte maneira:

«4. Cando o exercicio dunha actividade de servizos requira a obtención dalgunha das autorizacións a que se refire este artigo, no procedemento de outorgamento respectaranse os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade e transparencia. Aplicarase ademais o principio de concorrencia competitiva nos seguintes supostos:

- a) cando se trate dunha actividade de servizos que promova a autoridade competente conforme os instrumentos de protección das especies,
- b) cando o exercicio da actividade exclúa o exercicio doutras actividades por terceiros.

Os criterios en que se baseará a concesión e autorización para a realización de actividades de servizos estarán directamente vinculados á protección do ambiente.

A duración das ditas autorizacións e concesións será limitada de acordo coas súas características, e non dará lugar a renovación automática. Unha vez extinguida, non comportará ningún tipo de vantaxe para o anterior titular nin para persoas vinculadas a el.»

Dous. O actual número 4 do artigo 58 pasa a ser o número 5 coa súa mesma redacción.

Tres. O número 2 do artigo 72 queda redactado do seguinte modo:

«2. A Administración xeral do Estado, cando sexa titular de terreos situados en espazos naturais, poderá levar a cabo o desenvolvemento dos acordos de cesión da xestión, total ou parcial, deles a entidades de custodia do territorio. A selección destas entidades levarase a cabo de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva. Os acordos para a cesión da xestión terán unha duración limitada de acordo coas súas características, e non darán lugar a renovación automática. Unha vez extinguida, non comportará ningún tipo de vantaxe para o anterior cesionario nin para persoas vinculadas a el.

Estes acordos para a cesión da xestión estableceranse, por escrito, en forma de convenio administrativo plurianual que preverá o sistema de financiamento para o seu desenvolvemento, ben mediante achegas económicas, edificacións,

equipamentos, maquinaria, vehículos ou calquera outro ben ou servizo, así como as directrices mínimas de xestión, fixadas nun precedente plan de xestión.»

CAPÍTULO II

Servizos de agricultura

Artigo 37. *Modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

O artigo 37 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 37. *Explotación lucrativa da pesca recreativa.*

1. O exercicio da pesca recreativa realizada desde embarcacións destinadas á súa explotación comercial deberá ser comunicado un mes antes de comezar a actividade ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal determinará, en caso de ser necesario, as capturas permitidas en cómputo anual.

2. Así mesmo, deberase subministrar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño información acerca das capturas efectuadas por zona e período de tempo, de acordo coas condicións que regulamentariamente se determinen.

3. O incumprimento da comunicación mencionada, ou do deber de subministrar información acerca das capturas, que regulamentariamente se determinen, estarán incursos no artigo 95 desta lei.»

Artigo 38. *Modificación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.*

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, queda modificada como segue:

Un. O artigo 65 queda redactado como segue:

«Artigo 65. *Autorización de produtos zosanitarios.*

1. Ningún reactivo de diagnóstico das enfermidades dos animais poderá ser posto no mercado sen a autorización previa expedida polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

O resto de produtos zosanitarios poderán comercializarse logo de declaración responsable ao dito ministerio.

Reglamentariamente serán establecidos polo Goberno os requisitos e documentos necesarios en ambos os supostos.

2. As entidades elaboradoras de reactivos de diagnóstico das enfermidades dos animais deberán ser autorizadas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño con anterioridade ao inicio da súa actividade. O resto de entidades poderán elaborar os seus produtos logo de declaración responsable ao dito ministerio.

Reglamentariamente serán establecidos polo Goberno os requisitos sobre a capacidade técnica e documentos necesarios en ambos os supostos.

3. O prazo para resolver a solicitude e notificar a resolución ao interesado será de seis meses. Non obstante, en casos excepcionais, que serán determinados regulamentariamente, o dito prazo poderá estenderse ata doce meses.

4. Non obstante o previsto neste artigo respecto dos produtos que non requiren autorización previa, se en calquera momento se ten coñecemento de que un produto zosanitario de tales características, pola súa composición ou efectos, pode ser considerado reactivo de diagnóstico ou outro produto suxeito a autorización previa, requirirase a entidade comercializadora ou elaboradora deles para que cese de

inmediato a súa comercialización e presente a correspondente solicitude de autorización previa.

5. O disposto neste artigo non será de aplicación aos medicamentos veterinarios nin aos biocidas de uso gandeiro, que se rexerán pola súa normativa específica.»

Dous. O número 1 do artigo 67 substitúese polo seguinte:

«1. Salvo que por razóns de orde sanitaria, zootécnica ou tecnolóxica xustificadas, se establezan períodos máis curtos ou experimentais, a autorización de comercialización de reactivos de diagnóstico das enfermidades dos animais ou de entidades elaboradoras deles, e o seu correspondente rexistro, terá un período de validez de cinco anos, ao cabo dos cales se procederá á súa cancelación; a menos que, previamente, sexa solicitada a súa renovación, caso en que, e se as condicións baixo as cales foi autorizado sufriron modificación, se exixirá ás entidades interesadas a información adicional que se coide precisa. Neste último caso, o procedemento a partir de tal acto será similar ao establecido para a solicitude dunha nova autorización.»

Artigo 39. *Modificación da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro de recursos fitoxenéticos.*

Un. O número 1 do artigo 33 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro de recursos fitoxenéticos, queda redactado como segue:

«1. As sementes e plantas de viveiro de especies cuxa comercialización non estea regulada no ámbito da Unión Europea e que procedan dos seus Estados membros deberán vir acompañadas dun certificado expedido pola autoridade competente do Estado membro de onde procedan, no cal se faga constar que tales sementes e plantas de viveiro están autorizadas para ser comercializadas no dito país.»

Dous. O número 1 do artigo 36 queda redactado como segue:

«1. Todos os produtores de sementes e plantas de viveiro deberán estar autorizados pola comunidade autónoma onde radique a súa sede social e rexistrados oficialmente por esta. A dita autorización, que producirá efectos en todo o territorio do Estado, será remitida ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para que sexa incluída no Rexistro Nacional de Produtores.

Exceptúanse desta autorización os produtores de sementes e plantas de viveiro que produzan en España e estean autorizados por algún Estado membro da Unión Europea, sempre que comuniquen a súa actividade ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.»

TÍTULO VI

Outras medidas

Artigo 40. *Modificación do texto refundido de taxas fiscais, aprobado polo Decreto 3059/1966, do 1 de decembro.*

O artigo 40 do texto refundido de taxas fiscais, aprobado polo Decreto 3059/1966, do 1 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 40. *Devengo e pagamento.*

1. Devengaranse as taxas:

a) Nas rifas, tómbolas e combinacións aleatorias ao concederse a autorización, que será necesaria para cada unha delas. En defecto de autorización, as taxas

devengarase cando se celebren, sen prexuízo das responsabilidades doutro tipo que procederen.

b) Nas apostas e nas combinacións aleatorias a que se refire a disposición adicional primeira da Lei 25/2009, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a taxa devengarase no momento en que se inicie a súa celebración ou organización.

2. O pagamento das taxas realizarase en efectivo ou mediante efectos timbrados. Regulamentariamente determinarase a forma e o tempo en que o pagamento debe facerse en cada caso.

3. Nos supostos da letra b) do número 1 anterior, os suxeitos pasivos deberán presentar unha autoliquidación da taxa dentro dos trinta días seguintes ao devengo conforme o modelo que aprobe a Axencia Estatal de Administración Tributaria. A autoliquidación presentarse ante o órgano da Axencia Tributaria que corresponda ao lugar de celebración ou organización da actividade.»

Artigo 41. *Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.*

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo vinte e cinco, que queda modificado do seguinte modo:

«Artigo vinte e cinco.

1. A existencia de autorizacións sanitarias, así como a obriga de someter a rexistro por razóns sanitarias as empresas ou produtos, serán establecidas regulamentariamente, tomando como base o disposto nesta lei.

2. As autorizacións sanitarias e os rexistros obrigatorios que se establezan, en virtude da habilitación prevista no número 1 deste artigo, deberán cumprir as condicións seguintes:

a) Non resultarán discriminatorios nin directa nin indirectamente en función da nacionalidade ou, polo que se refire a sociedades, por razón de situación do domicilio social.

b) Deberán estar xustificadas na protección da saúde pública.

c) Coidarase que o réxime que se estableza sexa o instrumento adecuado para garantir a consecución do obxectivo de protección da saúde pública, e non vaia máis alá do necesario para conseguilo, así como que non poida substituírse por outras medidas menos restritivas que permitan obter o mesmo resultado.

d) Os procedementos e trámites para a obtención das autorizacións ou rexistros a que se refire esta lei deberán ser claros e inequívocos, obxectivos, transparentes, proporcionados ao obxectivo de protección da saúde pública e darse a coñecer con antelación.

3. Deberán establecerse, así mesmo, prohibicións e requisitos mínimos para o uso e tráfico dos bens, cando supoñan un risco ou dano para a saúde.

4. Cando a actividade desenvolvida teña unha repercusión excepcional e negativa na saúde dos cidadáns, as administracións públicas, a través dos seus órganos competentes, poderán decretar a intervención administrativa pertinente, co obxecto de eliminar aquela. A intervención sanitaria non terá máis obxectivo que a eliminación dos riscos para a saúde colectiva e cesará tan pronto como aqueles queden excluídos.»

Dous. Modifícase o artigo cento dous, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo cento dous.

1. A información e promoción dos medicamentos e os produtos sanitarios dirixida aos profesionais axustarase ás condicións técnicas e científicas autorizadas do produto e cumprirá coas exixencias e controis previstos no artigo 76 da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

2. A publicidade de medicamentos e produtos sanitarios dirixida ao público requirirá autorización previa das mensaxes por parte da autoridade sanitaria.»

Artigo 42. *Modificación do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, que regulariza, aclara e harmoniza as disposicións legais vixentes sobre a materia, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.*

O texto refundido da Lei de propiedade intelectual, que regulariza, aclara e harmoniza as disposicións legais vixentes sobre a materia, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 147 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 147. *Requisitos.*

As entidades legalmente constituídas que teñan establecemento en territorio español e pretendan dedicarse, en nome propio ou alleo, á xestión de dereitos de explotación ou outros de carácter patrimonial, por conta e en interese de varios autores ou outros titulares de dereitos de propiedade intelectual, deberán obter a oportuna autorización do Ministerio de Cultura, con obxecto de garantir unha adecuada protección da propiedade intelectual. Esta autorización deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado».

Estas entidades, co fin de garantir a protección da propiedade intelectual, non poderán ter ánimo de lucro e, en virtude da autorización, poderán exercer os dereitos de propiedade intelectual confiados á súa xestión e terán os dereitos e obrigas que neste título se establecen.»

Dous. O artigo 148 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 148. *Condicións da autorización.*

1. A autorización prevista no artigo anterior só se concederá se, formulada a oportuna solicitude, esta vai acompañada da documentación que permita verificar a concorrencia das seguintes condicións:

a) Que os estatutos da entidade solicitante cumpran os requisitos establecidos neste título.

b) Que dos datos achegados e da información practicada se desprenda que a entidade solicitante reúne as condicións necesarias para asegurar a eficaz administración dos dereitos cuxa xestión lle vai ser encomendada, en todo o territorio español.

c) Que a autorización favoreza os intereses xerais da protección da propiedade intelectual.

2. Para valorar a concorrencia das condicións establecidas nas alíneas b) e c) do número anterior, teranse particularmente en conta como criterios de valoración a capacidade dunha xestión viable dos dereitos encomendados, a idoneidade dos seus estatutos e os seus medios materiais para o cumprimento dos seus fins, e a posible efectividade da súa xestión no estranxeiro, atendéndose, especialmente, ás

razóns imperiosas de interese xeral que constitúen a protección da propiedade intelectual.

3. A autorización entenderase concedida, se non se notifica resolución en contrario, no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 151 do seguinte modo:

«2. O obxecto e fins, que será a xestión dos dereitos de propiedade intelectual, especificándose aqueles que vaian administrar.

Así mesmo, poderán realizar actividades distintas á xestión dos dereitos de propiedade intelectual sempre que estean vinculadas ao ámbito cultural da entidade e se cumpra o requisito de ausencia de ánimo de lucro establecido no artigo 147.»

Catro. O número 1 do artigo 155 queda modificado nos seguintes termos:

«1. As entidades de xestión, directamente ou por medio doutras entidades, fomentarán a promoción de actividades ou servizos de carácter asistencial en beneficio dos seus socios, así como a realización de actividades de formación e promoción de autores e artistas intérpretes ou executantes.»

Artigo 43. *Modificación da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.*

A Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, queda modificada como segue:

Un. O número dous do artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

«Dous. Ademais do anterior, o establecemento de novos fabricantes no ámbito territorial a que se refire o artigo 1, número un, requirirá a presentación dunha declaración responsable ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos, que no prazo máximo de quince días desde a súa presentación poderá acordar motivadamente a non eficacia dela, logo de verificar a idoneidade das condicións de almacenamento dos elaborados de tabaco producidos, nos termos que regulamentariamente se establezan.»

Dous. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Réxime xurídico da importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco.*

Un. Será libre a importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco, calquera que sexa a súa procedencia, sen máis requisito que a presentación dunha declaración responsable ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos, que no prazo máximo de quince días desde a súa presentación poderá acordar motivadamente a súa ineficacia, logo de verificar o requisito establecido nos números dous e tres seguintes.

Dous. A importación en territorio peninsular español, Illas Baleares, Ceuta e Melilla de elaborados de tabaco comportará o control por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos da dispoñibilidade de almacéns, propios ou contratados, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos, salvo que o importador asegure a remisión directa do produto ao almacén de calquera dos fabricantes ou distribuidores por xunto rexistrados no Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Tres. A distribución por xunto, no ámbito territorial a que se refire o artigo 1, número un, comportará o control por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos da dispoñibilidade de almacéns, propios ou contratados, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos así como a

fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos.

Catro. Os distribuidores por xunto só poderán subministrar tabaco elaborado aos expendedores de tabaco e timbre e non poderán remunerar a estes máis que coa retribución establecida por esta lei. Os prazos de pagamento, e calquera outra condición de crédito e distribución ao expendedor, serán establecidos libremente polo distribuidor por xunto, que llo comunicará previamente ao Comisionado, nos termos que regulamentariamente se sinalen, e serán homoxéneas para todo o territorio a que se refire o artigo 1, número un, de modo que se garanta a neutralidade da subministración.

Cinco. O distribuidor por xunto subministrará os produtos cuxa distribución realice con regularidade e con garantía de cobertura das subministracións, en similares condicións de servizo e prazos de entrega para todos os expendedores. Entenderase por regularidade, para os efectos deste artigo, a subministración ao menos coa periodicidade que se fixe nas normas regulamentarias e, ademais, sempre que o pedido alcance o mínimo que aquelas establezan aínda que non transcorrese o período máximo de subministración.

Seis. Os fabricantes, os importadores e os distribuidores por xunto non poderán financiar, directa ou indirectamente, as organizacións representativas dos expendedores e dos autorizados para a venda con recarga. Calquera acordo, con ou sen contido económico, relacionado co tabaco ou alleo a el, deberá someterse á aprobación do Comisionado, que resolverá no prazo dun mes.»

Tres. Modifícase o número catro do artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«Catro. As infraccións a que se refire esta lei serán sancionadas na forma seguinte:

a) As infraccións moi graves, coa revogación da concesión aos expendedores e da autorización aos puntos de venda con recarga, ou coa extinción da habilitación aos fabricantes, importadores ou distribuidores por xunto, ou con multa entre 120.202,42 e 300.506,05 €, coa excepción establecida na letra d) seguinte.

b) As infraccións graves, con suspensión temporal do exercicio da concesión ou da autorización de venda con recarga, por prazo de ata seis meses, ou con multa desde 12.020,24 e ata 120.202,42 €, coa excepción establecida na letra d) seguinte.

c) As infraccións leves, con multa de ata 12.020,24 €, coa excepción establecida na letra d) seguinte.

d) No caso dos establecementos autorizados para a venda con recarga, as multas serán de ata 601,01 €, entre 601,01 e ata 3.005,06 €, ou entre 3.005,06 e ata 12.020,24 €, segundo se trate, respectivamente, de infraccións cualificadas de leves, graves ou moi graves.

e) As infraccións a que se refire a letra e) do número 3 do número tres deste artigo sancionaranse con multa de ata 3.005,06 €, respondendo solidariamente, xunto co suxeito infractor, o titular do establecemento en que a infracción se realizar se aquel for o seu empregado ou dependente ou se se cometer co seu coñecemento.»

Catro. Suprímese a letra a) do punto 1 do anexo sobre a taxa a que se refire o artigo 5, oito, a, da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos, que queda sen contido, e reenuméranse as actuais alíneas b, c e d como a, b e c, respectivamente.

Cinco. Suprímese a letra a) do punto 2 do anexo sobre a taxa a que se refire o artigo 5, oito, a, da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos, que queda sen contido, e reenuméranse as actuais alíneas b, c e d como a, b e c, respectivamente.

Seis. O número 3 do anexo sobre a taxa a que se refire o artigo 5, oito, a, da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos, queda modificado nos seguintes termos:

«3. Tarifas:

A taxa por prestación de servizos aos operadores do mercado de tabacos exixirase conforme as tarifas seguintes:

Tarifa 2. Solicitud de concesión de expendedorías de tabaco e timbre: cota de clase única:

- a. Situadas en municipios de máis de 100.000 habitantes e capitais de provincia: 180,30 €.
- b. En municipios de máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes: 120,20 €.
- c. En municipios ata 10.000 habitantes: 90,15 €.

Tarifa 3. Concesión e renovación de autorizacións de venda con recarga: cota clase única: 180,30 € por cada período trienal de autorización ou renovación.

Tarifa 4. Traslados, transmisións, modificacións, recoñecementos, revisións e autorizacións de ou en expendedorías:

Clase 1. Recoñecemento de locais en caso de cambios de localización ou modificación de expendedorías, impliquen ou non transmisión da titularidade:

- a. Situadas en municipios de máis de 100.000 habitantes e capitais de provincia: 360,61 €.
- b. En municipios de ata 100.000 habitantes: 300,51 €.
- c. De expendedorías complementarias, en todo caso: 180,30 €.

Clase 2. Revisión de instalacións en caso de transmisión de titularidade que non implique cambio de localización. Recoñecemento de locais en caso de cambio ou modificación temporal de localización. Autorización de obras ou almacéns: cota de clase única: 150,25 €.»

Sete. Modifícase o número 4 do anexo sobre a taxa a que se refire o artigo 5, oito, a, da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Devengo.

As taxas devengaranse, segundo os casos, no momento de depositar as instancias para o concurso de concesión de expendedorías, de acordarse a autorización ou renovación da actividade de venda con recarga ou de ditarse o acto de homologación das instalacións.»

Artigo 44. *Modificación do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.*

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Instalacións de subministración a vehículos en establecementos comerciais.*

1. Os establecementos comerciais poderán incorporar entre os seus equipamentos, cando menos, unha instalación para subministración de produtos petrolíferos a vehículos, para cuxo abastecemento, con carácter preferente, non

poderán formalizar contratos de subministración en exclusiva cun só operador por xunto de produtos petrolíferos. Estas instalacións deberán cumprir as condicións técnicas de seguridade que sexan exixibles, así como o resto da normativa vixente que, en cada caso, sexa de aplicación, en especial a referente a metroloxía e metrotecnica e á protección de consumidores e usuarios.

2. Nos supostos a que se refire o número anterior, o outorgamento das licenzas municipais requiridas polo establecemento levará implícita a concesión das que sexan necesarias para a instalación de subministración de produtos petrolíferos.»

Dous. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria primeira. *Instalacións de subministración de produtos petrolíferos en establecementos comerciais que dispoñan de licenza municipal de apertura.*

Os establecementos comerciais que no momento da entrada en vigor deste real decreto lei estiveren en funcionamento, dispoñendo para o efecto da oportuna licenza municipal de apertura, poderán incorporar entre os seus equipamentos, de acordo co disposto no artigo 3 deste real decreto lei, unha instalación para a subministración de produtos petrolíferos, para o cal se terán en conta as seguintes regras:

a) O espazo que ocupen as instalacións e equipamentos que resulten imprescindibles para a subministración non computará para efectos de volume edificable nin de ocupación.

b) As licenzas municipais necesarias para a construción de instalacións e a súa posta en funcionamento entenderanse concedidas por silencio administrativo positivo se non se notifica a resolución expresa dentro dos corenta e cinco días seguintes á data da presentación da súa solicitude.

c) En todo caso, o establecemento comercial deberá custear e executar as infraestruturas de conexión da instalación de subministración de produtos petrolíferos cos sistemas xerais exteriores de acordo cos requisitos e condicións que estableza o planeamento.»

Artigo 45. *Modificación da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.*

Queda derogado o número 2 do artigo 18 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que queda sen contido.

Non obstante o anterior e mentres non se desenvolva a normativa que se cita no artigo 18.1 da dita lei, relativa ao recoñecemento en España de títulos de especialista obtidos en Estados non membros da Unión Europea, seguirase a aplicar a Orde do 14 de outubro de 1991 pola que se regulan as condicións e o procedemento de homologación dos títulos estranxeiros de farmacéuticos e médicos especialistas polos correspondentes títulos oficiais españois.

Artigo 46. *Modificación da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.*

Modifícase a letra b) do artigo 4 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán instalar no interior de quioscos de prensa situados na vía pública e en locais específicos de venda de prensa con acceso directo á vía pública, así como naqueles a que se refiren as alíneas b), c) e d) do artigo 8.1 nunha localización que

permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores.

Non se poderán instalar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de cortaventos, porches, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmoble pero non constitúen propiamente o interior deste.»

Artigo 47. *Modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.*

A Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, queda modificada do seguinte modo:

Un. O número 4 do artigo 15 queda redactado como segue:

«4. Na etiquetaxe figurarán os datos do medicamento, como a denominación do principio activo, do titular da autorización, vía de administración, cantidade contida, número de lote de fabricación, data de caducidade, precaucións de conservación, condicións de dispensación e demais datos que regulamentariamente se determinen. En cada embalaxe figurarán codificados os datos do código nacional do medicamento, o lote e unidade que permitan a súa identificación de forma individualizada por medios mecánicos, electrónicos e informáticos, na forma que se determine regulamentariamente. Na embalaxe deberá incluírse un espazo en branco que será cuberto polo farmacéutico onde este poderá describir a posoloxía, a duración do tratamento e a frecuencia de tomas. Ao dispensar un medicamento, as oficinas de farmacia deberán emitir un recibo en que se faga constar o nome do medicamento, o seu prezo de venda ao público, e a achega do paciente. No caso dos medicamentos que sexan obxecto da publicidade prevista no artigo 78, o recibo fará constar, ademais, o desconto que, de ser o caso, se efectuase.»

Dous. O parágrafo segundo do artigo 38.2 queda redactado como segue:

«Reglamentariamente regularase a actuación profesional do farmacéutico en cada un dos establecementos anteriormente descritos na letra c) como condición e requisito para garantir o control efectivo na dispensación ao público dos medicamentos veterinarios.»

Tres. O segundo parágrafo do artigo 71 queda redactado como segue:

«O Goberno establecerá as funcións do director técnico.»

Catro. Os números un e dous do artigo 78 quedan modificados da seguinte forma:

«1. Poderán ser obxecto de publicidade destinada ao público os medicamentos que cumpran todos os requisitos que se relacionan a seguir:

- a) Que non se financien con fondos públicos.
- b) Que, pola súa composición e obxectivo, estean destinados e concibidos para a súa utilización sen a intervención dun médico que realice o diagnóstico, a prescrición ou o seguimento do tratamento, aínda que requiran a intervención dun farmacéutico. Este requisito poderá exceptuarse cando se realicen campañas de vacinación aprobadas polas autoridades sanitarias competentes.
- c) Que non constitúan substancias psicotrópicas ou estupefacientes de acordo co definido nos convenios internacionais.

2. Para a autorización da publicidade dun medicamento que sexa obxecto de publicidade ao público, o Ministerio de Sanidade e Política Social verificará que o medicamento cumpre cos requisitos establecidos no número 1 deste artigo e que as correspondentes mensaxes publicitarias reúnen os seguintes requisitos:

- a) Que resulte evidente o carácter publicitario da mensaxe e quede claramente especificado que o produto é un medicamento.
- b) Que se inclúa a denominación do medicamento en cuestión, así como a denominación común cando o medicamento conteña unha única substancia activa.
- c) Que se inclúan todas as informacións indispensables para a utilización correcta do medicamento así como unha invitación expresa e claramente visible a ler de forma detida as instrucións que figuren no prospecto ou na embalaxe externa, segundo o caso, e a recomendación de consultar co farmacéutico sobre a súa correcta utilización.
- d) Non incluír expresións que proporcionen seguridade de curación, nin testemuños sobre as virtudes do produto nin de profesionais ou persoas cuxa notoriedade poida inducir ao consumo.
- e) Non utilizar como argumento publicitario o feito de ter obtido autorización sanitaria en calquera país ou calquera outra autorización, número de rexistro sanitario ou certificación que corresponda expedir, nin os controis ou análises que compete executar ás autoridades sanitarias consonte o disposto nesta lei.
- f) As mensaxes publicitarias dos medicamentos que se emitan en soporte audiovisual deberán cumprir as condicións de accesibilidade para persoas con discapacidade establecidas no ordenamento xurídico para a publicidade institucional.»

Cinco. O número dous do artigo 89 queda modificado da seguinte forma:

«2. Poderán non financiarse con fondos públicos aqueles grupos, subgrupos, categorías ou clases de medicamentos ou produtos sanitarios cuxo financiamento público non se xustifique ou non se estime necesario. Consideraranse, en todo caso, non incluídos no financiamento público os medicamentos que sexan obxecto da publicidade prevista no artigo 78, os produtos de utilización cosmética, dietéticos, augas minerais, elixires, dentífricos, e outros produtos similares.»

Seis. O número 2 do artigo 90 queda redactado nos seguintes termos:

«2. No marco do procedemento de financiamento dos medicamentos con fondos públicos a que se refire o artigo 89 desta lei, e sen prexuízo do réxime especial contido no parágrafo segundo deste número, corresponde á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, adscrita ao Ministerio de Sanidade e Consumo, fixar, motivadamente e conforme criterios obxectivos, o prezo industrial máximo para os medicamentos e produtos sanitarios que van ser incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, con cargo a fondos públicos, e que se dispensen, a través de receita oficial, en territorio español.

Ademais dos criterios previstos no artigo 89.1, terase en conta tamén o prezo medio do medicamento nos Estados membros da Unión Europea que, sen estaren suxeitos a réximes excepcionais ou transitorios en materia de propiedade industrial, incorporasen ao seu ordenamento xurídico a lexislación comunitaria correspondente.

En relación co procedemento de determinación de prezo dos medicamentos xenéricos, corresponde á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos establecer con carácter xeral os criterios económicos para a fixación do prezo aplicables aos ditos medicamentos, en particular no suposto de aplicación dos prezos de referencia. O Ministerio de Sanidade e Política Social, de acordo cos ditos criterios, fixará o prezo industrial máximo para estes medicamentos.»

Sete. Suprímese a epígrafe 1.2 do número 1 do artigo 111, que queda sen contido.

Oito. A epígrafe 1.3 do número 1 do artigo 111 queda redactada nos seguintes termos:

«1.3 Procedemento de autorización e inscrición no rexistro dun medicamento de uso humano distinto aos recollidos na epígrafe 1.1.»

Nove. O número 5 do artigo 111 queda redactado nos seguintes termos:

«5. Cando no procedemento de autorización e inscrición no rexistro dun medicamento de uso humano ou veterinario, que se corresponde coas taxas previstas nas epígrafes 1.1, 1.3, 1.5, 9.1, 9.2 e 9.4, a solicitude presentada sexa rexeitada na fase de validación, procederase á devolución dun setenta por cento da contía total da taxa.»

Dez. A disposición adicional oitava queda modificada do seguinte modo:

«Disposición adicional oitava. *Medicamentos obxecto de publicidade.*

O prezo fixado no envase dos medicamentos que sexan obxecto da publicidade prevista no artigo 78 será considerado como prezo máximo de venda ao público. Regulamentariamente establecerase o desconto máximo aplicable polas oficinas de farmacia.»

Once. Engádesse unha nova disposición transitoria décima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décima. *Réxime transitorio para a fixación do prezo industrial máximo en medicamentos xenéricos.*

Mentres non se desenvolva o disposto no parágrafo segundo do artigo 90.2 e sexan determinados pola Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos os criterios económicos para a fixación do prezo dos medicamentos xenéricos, a fixación do prezo dos medicamentos xenéricos non requirirá a intervención da Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos sempre que o prezo industrial máximo notificado polo laboratorio sexa, como mínimo, un trinta por cento inferior ao do medicamento de referencia ou ben sexa igual ou inferior, de ser o caso, ao prezo de referencia fixado na correspondente orde ministerial.»

Artigo 48. *Modificación da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.*

A disposición adicional primeira da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, queda modificada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Liberdade de establecemento.*

O exercicio permanente en España da profesión de avogado ou procurador e a prestación ocasional dos seus servizos con título profesional obtido noutro Estado membro da Unión Europea ou do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo regularase pola súa lexislación específica.»

Disposición adicional primeira. *Organización, celebración e desenvolvemento de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais.*

A partir da entrada en vigor desta lei non se exixirá a autorización administrativa previa para a organización, celebración e desenvolvemento de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, calquera que sexa a fórmula de lotarías ou xogos promocionais que revistan, incluídos os establecidos no artigo 20 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, sempre que a participación do público nestas actividades sexa gratuíta e en ningún caso exista ningún sobreprezo ou tarificación adicional calquera que for o procedemento ou sistema a través do cal se realice.

Disposición adicional segunda. *Suxeitos inscritos nos rexistros administrativos en materia de enerxía eléctrica e hidrocarburos.*

1. As empresas comercializadoras de enerxía eléctrica e os consumidores directos en mercado que no momento da entrada en vigor desta lei figuren inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado quedan exentos da obriga de comunicación de inicio de actividade establecida no artigo 44 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. Os distribuidores de enerxía eléctrica que no momento da entrada en vigor desta lei estean inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado serán inscritos de oficio no Rexistro Administrativo de Distribuidores a que fai referencia o artigo 45 da referida Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

3. Para as empresas que no momento da entrada en vigor desta lei figuren inscritas no Rexistro de operadores por xunto de produtos petrolíferos considerarase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista no artigo 42 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

4. Para as empresas que no momento da entrada en vigor desta lei figuren inscritas no Rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo considerarase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista no artigo 45 da referida Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

5. Para as empresas que no momento da entrada en vigor desta lei figuren inscritas no Rexistro de comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo a granel considerarase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista no artigo 46 da referida Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

6. Para as empresas que no momento da entrada en vigor desta lei figuren inscritas no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado de combustibles gasosos por canalización considerarase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista nos artigos 61.3 e 80 da referida Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

7. Os distribuidores de gas natural e gases manufacturados que no momento da entrada en vigor desta lei figuren inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado de combustibles gasosos por canalización serán inscritos de oficio no Rexistro Administrativo de Distribuidores de combustibles gasosos por canalización a que fai referencia o artigo 83 da referida Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Disposición adicional terceira. *Asesoramento técnico en empresas de menos de dez traballadores.*

En cumprimento do artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o Goberno aprobará un plan de asistencia pública ao empresario en materia de seguridade e saúde no traballo, que se axustará ás seguintes bases:

- a) Quedarán incluídas as empresas de ata 10 traballadores.
- b) O plan conterá o deseño e posta en marcha dun sistema dirixido a facilitarlle ao empresario o asesoramento necesario para a organización das súas actividades preventivas, impulsando as autoavaliacións por sectores e especificando aquelas actividades ou riscos que requiran apoio técnico especializado.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación dos requisitos previstos para o silencio administrativo desestimatorio regulado en normas preexistentes.*

Para os efectos previstos no primeiro parágrafo do artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coa redacción dada pola presente lei, entenderase que concorren razóns imperiosas de interese xeral naqueles procedementos que, tendo sido

regulados con anterioridade á entrada en vigor desta lei por normas con rango de lei ou de dereito comunitario, prevexan efectos desestimatorios á falta de notificación da resolución expresa do procedemento no prazo previsto.

Disposición adicional quinta. *Proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental.*

Cando, de acordo con esta lei, se exixa unha declaración responsable ou unha comunicación para o acceso a unha actividade ou o seu exercicio e unha avaliación de impacto ambiental, conforme o texto refundido da Lei de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, ou á normativa autonómica de desenvolvemento, a declaración responsable ou a comunicación non poderá presentarse ata que se levasa a cabo a dita avaliación de impacto ambiental e, en todo caso, deberá disporse da documentación que así o acredite.

Disposición adicional sexta. *Distribución de competencias.*

As materias reguladas por esta lei axústanse á distribución de competencias lexislativas, de desenvolvemento da lexislación básica e de execución previstas na Constitución e nos estatutos de autonomía.

Disposición adicional sétima. *Servizos funerarios.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno levará a cabo un estudo e propondrá, de ser o caso, os cambios normativos necesarios para garantir a liberdade de elección dos prestadores de servizos funerarios, incluídos os supostos en que se contratase un seguro de decesos, así como para impulsar a eliminación doutras posibles trabas que poidan derivar da normativa vixente.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á da entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

3. Os prestadores de servizos habilitados na data de entrada en vigor desta lei poderán seguir realizando a súa actividade en todo o territorio español.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos de autorización de entidades especializadas en materia de prevención de riscos laborais.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei o Ministerio de Traballo e Inmigración adaptará os procedementos administrativos de autorización de servizos de prevención alleos e entidades auditoras ao previsto nesta lei. Mentres non se produza esta adaptación, estes continuaranse rexendo polas previsións contidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e na Orde do 27 de xuño de 1997 pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, en relación coas condicións de acreditación das entidades especializadas como servizos de prevención alleos ás empresas, de autorización das persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas e de autorización das entidades públicas ou privadas para desenvolver e certificar actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais.

Disposición transitoria terceira. *Vixencia da exixencia de visado colexial.*

No prazo máximo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará un real decreto que estableza os visados que serán exixibles de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

Ata a entrada en vigor da norma prevista no parágrafo anterior, a exixencia de visado rexeráse pola normativa vixente.

Disposición transitoria cuarta. *Vixencia das obrigas de colexiación.*

No prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei que determine as profesións para cuxo exercicio é obrigatoria a colexiación.

O devandito proxecto deberá prever a continuidade da obriga de colexiación naqueles casos e supostos de exercicio en que se fundamente como instrumento eficiente de control do exercicio profesional para a mellor defensa dos destinatarios dos servizos e naquelas actividades en que poidan verse afectadas, de maneira grave e directa, materias de especial interese público, como poden ser a protección da saúde e da integridade física ou da seguridade persoal ou xurídica das persoas físicas.

Ata a entrada en vigor da mencionada lei manteranse as obrigas de colexiación vixentes.

Disposición transitoria quinta. *Implantación do portelo único e do servizo de atención aos consumidores e usuarios.*

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, as organizacións colexiais terán operativos os medios necesarios para articular o portelo único previsto no número dez do artigo 5 desta lei.

2. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, os colexios profesionais terán en funcionamento o servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios previstos no número doce do artigo 5 desta lei.

Disposición transitoria sexta. *Aprobación do sistema de xestión do portelo único.*

Co obxectivo de que a información administrativa no portelo único previsto no artigo 3 desta lei sexa clara e inequívoca e estea actualizada, acordarase na Conferencia Sectorial de Administración Pública, logo de informe da Comisión Nacional de Administración Local, o sistema de xestión do portelo único.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de rango legal ou regulamentario, ou estatutos de corporacións profesionais e demais normas internas colexiais, se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto no capítulo I do título I dítase en virtude do artigo 149.1.18.^a da Constitución española e ten carácter de lexislación básica sobre o réxime xurídico das administracións públicas, salvo o artigo 2.dous, que constitúe procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas.

O disposto no artigo 4.un e dous ten carácter básico ao ditarse ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución para ditar as bases da actividade económica e da sanidade, respectivamente. O artigo 4.tres dítase con base nas competencias exclusivas que corresponden ao Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, conforme o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución.

O disposto no artigo 5 dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

O artigo 6 dítase en virtude do disposto no artigo 149.1.6.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil, salvo o artigo 6.tres, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

O disposto no capítulo IV do título I incardínase na competencia exclusiva do Estado que sobre lexislación laboral recoñece o artigo 149.1.7.^a da Constitución, salvo o artigo 10, que se incardina no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia sobre a lexislación básica da seguridade social sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas, no que respecta á modificación do segundo parágrafo do artigo 30, e sobre o réxime económico da Seguridade Social, no que respecta á modificación do primeiro parágrafo do artigo 30.

O disposto no artigo 11 dítase ao abeiro do artigo 149.1.12.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre pesos e medidas.

O disposto no artigo 12 dítase ao abeiro do artigo 149.1.9.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

O disposto no artigo 13 ten carácter básico ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia para ditar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O disposto no artigo 14 dítase ao abeiro do artigo 149.1.29.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

O disposto no artigo 15 dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

O disposto no artigo 16 ten carácter de lexislación básica sobre contratos administrativos ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución

O disposto no artigo 17 dítase ao abeiro do artigo 149.1.25.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases do réxime mineiro e enerxético.

O disposto no artigo 18 ten carácter básico ao ditarse ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime mineiro e enerxético. O artigo 18.catro dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia da autorización das instalacións eléctricas cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial.

O disposto no artigo 19 e na disposición adicional segunda ten carácter básico ao ditarse ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime mineiro e enerxético.

O disposto no artigo 20 dítase ao abeiro do artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

O disposto no artigo 21 dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

O disposto no artigo 22 dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

O disposto no artigo 23 dítase ao abeiro do artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e abandeiramento de buques.

O disposto no artigo 24 dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

O disposto no artigo 25 dítase ao abeiro do artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de portos de interese xeral.

O disposto nos artigos 26 e 27 dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de correos e telecomunicacións.

Os artigos 28, 29, 30, 32, 35 e 36 dítanse ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente. Non obstante, respecto ao artigo 32.dous, ampárase no dito título soamente a regulación do traslado de residuos desde ou cara a países membros da Unión Europea, mentres que a regulación do traslado de residuos desde ou cara a países terceiros non membros da Unión Europea se ampara na competencia estatal en materia de comercio exterior do artigo 149.1.10.^a da Constitución. Non terá carácter básico o artigo 36.tres, que será só de aplicación á Administración xeral do Estado.

O artigo 31 dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre vías pecuarias.

O artigo 33 dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

O artigo 34 dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas.

O artigo 37 dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

O artigo 38 dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

O artigo 39 dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a CE, polo que corresponde ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O disposto no artigo 40 dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

O disposto no artigo 41.un dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. O disposto no artigo 41.dous dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre produtos farmacéuticos.

O disposto no artigo 42 dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

O disposto no artigo 43 dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre facenda xeral.

O disposto no artigo 44 desta lei ten o carácter de lexislación básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O disposto no artigo 45 dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

O disposto no artigo 46 dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da

sanidade, e do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas.

O disposto no artigo 47.un, catro e nove dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre produtos farmacéuticos. O artigo 47.dous e tres ten a condición de normativa básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. O artigo 47.cinco dítase ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social. O artigo 47.seis, sete e oito dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

O disposto no artigo 48 dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

O disposto na disposición adicional primeira constitúe bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en virtude do artigo 149.1.13.^a da Constitución.

O disposto na disposición adicional terceira constitúe lexislación laboral ditada ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución.

A disposición adicional quinta dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.*

O número 4.º da disposición transitoria terceira e o número 5 da disposición derradeira primeira da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, quedan suprimidos.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 27 de decembro de 2009.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO